

Curso de linguaxe xurídica

claridade ·
sinxeleza ·
cohesión ·
adecuación ·
coherencia ·

NIVEL MEDIO

Curso de linguaxe xurídica



nivel medio

CRÉDITOS

Edita: Xunta de Galicia

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

Dirección de proxecto

Xoán Rivas Cid

Subdirector xeral de Política Lingüística

Coordinación

Martín Ramos Insua

Autoría

Alonso Alonso, Alexandre

Carpente Leira, Flora

Domínguez Conde, Nancy

García Ares, Maricarme

García Sánchez, Daniela

Marzabal Expósito, Felisa

Mayo Redondo, Susana

Ramos Insua, Martín

Villares Naveira, Luís

Asesoramento

García Cancela, Xermán (filólogo)

González de la Cámara, Elena (pedagoga)

Monteagudo Romero, Henrique (filólogo)

Rey Rey, Nelly (pedagoga)

ISBN: 978-84-453-5124-6

Dep. leg.: C 2171-2013



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Índice

Módulo 1	13	Módulo 8	59
<i>Contorno.</i> Historia: o galego emerxe, tamén na Administración. Lexislación: Constitución española. <i>Lingua oral.</i> Análise da comunicación oral. A elaboración do discurso oral. A relación coa cidadanía. <i>Léxico.</i> Caracterización da linguaxe xurídica.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: actitudes cidadás e comportamento lingüístico da Administración de xustiza. Lexislación: Decreto que regula as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. <i>Gramática.</i> A colocación do adxectivo: a construción «previo/a + substantivo». <i>Redacción e estilo.</i> Indicacións de tempo. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.	
Módulo 2	19	Módulo 9	65
<i>Contorno.</i> Historia: o recoñecemento da xustiza. Lexislación: Estatuto de autonomía de Galicia. <i>Gramática.</i> A estrutura «substantivo + a + infinitivo» <i>Redacción e estilo.</i> Os signos de puntuación. <i>Léxico.</i> Elaboración do léxico xurídico.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: comunicacións externas da Administración de xustiza. Lexislación: Lei de demarcación e planta xudicial e Lei reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal. <i>Gramática.</i> A omisión de elementos necesarios: a conxunción «que». O artigo. <i>Redacción e estilo.</i> As indicacións de cantidade. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.	
Módulo 3	29	Módulo 10	71
<i>Contorno.</i> Historia: o galego entra na Corte de Castela. Lexislación: Lei de normalización lingüística I. <i>Gramática.</i> O pronome pleonástico de CI. <i>Redacción e estilo.</i> Os recursos tipográficos. <i>Léxico.</i> Interferencias e calcos doutras linguas.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: comunicación oral interna na Administración de xustiza. Lexislación: Convenio marco entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía Xeral do Estado. <i>Gramática.</i> O indefinido na dobre negación. <i>Redacción e estilo.</i> As construcións absolutas: o participio e o xerundio. As abreviacións. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.	
Módulo 4	35	Módulo 11	79
<i>Contorno.</i> Historia: a consideración de lingua de prestixio. Lexislación: Lei de normalización lingüística II. <i>Gramática.</i> O adxectivo identificador «mesmo/a». <i>Redacción e estilo.</i> As maiúsculas e as minúsculas. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: comunicación oral na Administración de xustiza. Lexislación: Carta dos dereitos dos cidadáns ante a xustiza. <i>Gramática.</i> O uso dos pronomes de acusativo e de dativo cos verbos da Administración. <i>Redacción e estilo.</i> O circunloquio. A nominalización. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.	
Módulo 5	41	Módulo 12	85
<i>Contorno.</i> Historia: a consciencia dun idioma de seu. Lexislación: Decreto polo que se regulan as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. <i>Gramática.</i> O adxectivo determinado «dito/a». <i>Redacción e estilo.</i> O tratamento persoal. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: opinións e actitudes lingüísticas na Administración de xustiza. Lexislación: Outras disposicións de ámbito estatal reguladoras do uso das linguas: Lei do rexistro civil; Lei sobre nome e apelidos e orde destes; Real decreto polo que se regula a expedición do DNI e os certificados de sinatura electrónica. <i>Gramática.</i> Construcións verbais. <i>Redacción e estilo.</i> Os adverbios rematados en «-mente». Denominacións procedentes doutras linguas. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.	
Módulo 6	47		
<i>Contorno.</i> Sociolingüística: lingua habitual en Galicia. Lexislación: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. <i>Gramática.</i> O adxectivo identificador «presente». <i>Redacción e estilo.</i> A concordancia. A ordenación sintáctica. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.			
Módulo 7	53		
<i>Contorno.</i> Sociolingüística: usos lingüísticos da cidadanía coa Administración. Lexislación: Decreto polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia. <i>Gramática.</i> A colocación do adxectivo: normas xerais. <i>Redacción e estilo.</i> Indicacións de lugar. <i>Léxico.</i> Vacilacións frecuentes.			
		Máis información	91
		Exercicios	95
		Guía de recursos	121
		Glosario	127

Á memoria de Xoán Rivas Cid,
quen impulsou e dirixiu a elaboración destes materiais didácticos.

Medio

Limiar

As empregadas e empregados públicos de Galicia teñen demostrado nos últimos anos a súa vontade decidida de mellorar continuamente o servizo que lle ofrecen á cidadanía. Formou parte destacada desta singular angueira a eliminación gradual de calquera atranco no exercicio do dereito da cidadanía a expresarse e a ser atendida en galego. Da súa man, a Administración cumpriu a súa obriga de promover o galego, de garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns e de facerse máis igualitaria, próxima e eficaz na súa comunicación con eles.

O obxectivo dos novos cursos en liña, promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, é favorecer ese proceso e facilitarlle ao funcionariado a formación necesaria para perfeccionalo e continuo no tempo. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á aprendizaxe e ao coñecemento estannos a axudar a facelo máis doadamente. Así, este é un curso práctico e completo, visualmente atractivo e máis fácil de manexar, que, titorizado por bos profesionais, hanos permitir superar as limitacións de espazo e de tempo que ofrece a formación tradicional. Na súa ideación, deseño e redacción participou un nutrido número de especialistas baixo a coordinación atenta, rigorosa e amable do recentemente desaparecido Xoán Rivas Cid, subdirector xeral de Política Lingüística, que sempre será lembrado polo seu exemplo de enerxía inesgotable, a paixón polo traballo e o amor sincero cara ao idioma galego.

Dámoslle, pois, a benvida a este curso, convencidos de que a súa existencia redundará nunha mellor atención á cidadanía e na comunicación eficaz e accesible con ela que debe caracterizar as sociedades democráticas.

Valentín García Gómez
Secretario xeral
de Política Lingüística

Sonia Rodríguez Campos
Directora da EGAP

Módulo I

Contorno

Historia: O galego emerxe, tamén na Administración

Lexislación: Constitución española

Lingua oral

Análise da comunicación oral

A elaboración do discurso oral

A relación coa cidadanía

Léxico

Caracterización da linguaxe xurídica

I.I Contorno

Historia: O galego emerxe, tamén na Administración

Os foros, como estrutura característica da Idade Media, comezan a proliferar, aínda que é a finais do século XIII cando a súa presenza se tornará significativa. Son tempos de mudanza e a lingua tamén forma parte da dinámica modernizadora. Aparecen no noso territorio os primeiros textos administrativos que amosan autonomía fronte ao latín e singularidade fronte a outros idiomas veciños, como o leonés e o castelán.

Todo los juyzos que aqui non son scriptos, stent porlo foro de Allariz, et aqueste meu feyto seya senpre firme.

Se ll algũu cavaleyro ou vilão á vila do Burgo intrar, dé suas devedas a seus devedores ou pignora por elas. Et se as non deren et sobre cavallo andar, legue los péés do cavallo ll et fumo ás nariçes do cavallo, ata que dé a deveda o pignor por ela.

Cegos et mançebos solteiros non façan foro. Omes do bon Burgo todo los seus juyzos et directos seyan por enquisiciom de ll bóós omês, que quer que feçerem, porlo foro de Allariz.

Se algũu omê este meu feyto quiser tentar ou romper, seya maldito et excomungado et cum Judas traedor no inferno danado, et ll super esto dez mill peyte de mrs. de ouro.

O FORO DO BURGO DE CASTRO CALDELAS

É o documento máis antigo escrito en idioma galego en Galicia que se coñece ata o momento, dado polo rei Afonso IX en Allariz en abril de 1228. Trátase dun privilexio rodado, o tipo de documento máis solemne dos producidos polas chancelarías reais da península no tempo: constitúe o único exemplo de privilexio real en galego en toda a nosa historia. Ten o valor de ser ata a actualidade o único diploma coñecido en romance saído da chancelaría de Afonso IX.



Lexislación: A Constitución española

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Título VIII. Da organización territorial do Estado, cap. III 'Das comunidades autónomas'

Artigo 148

1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

[...]

17. O fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

I.2 **L**ingua oral

Análise da comunicación oral

Trátase dunha relación entre a Administración e a cidadanía que se establece a través do contacto persoal e ten como base a tramitación administrativa propiamente dita.

O desenvolvemento dos feitos, a nivel externo, asóciase a actos presenciais como son, por exemplo, a solicitude de aclaracións, a entrega de documentación ou a declaración de datos. A efectividade e as consecuencias destes, positivas ou negativas, están condicionadas pola calidade da comunicación entre os profesionais e a cidadanía. Por outra parte, debido ao seu carácter persoal, son as relacións directas as que teñen maior capacidade de influencia sobre a concepción que a sociedade ten da Administración que lle dá servizo. Daquela, a comunicación oral non merece menos atención nin coidado ca a comunicación escrita.

Características principais:

- **É inmediata:** os/as interlocutores/as están presentes sexa en persoa ou a través do teléfono, videoconferencia etc.
- **Emprega códigos non verbais:** apóiase en recursos paralingüísticos (olladas, silencios, ritmo, ton da voz, xesticulación...).
- **O contexto tamén conta:** tanto as referencias á situación do acto comunicativo (horarios de atención, espazo, medios...) como do acto administrativo (prazos, nivel de responsabilidade do interlocutor...) condicionan o contido da comunicación e a actitude dos participantes.

- **Resulta flexible á interacción:** o diálogo vaise construíndo e modificando segundo a reacción das persoas interlocutoras.
- **Non está regulamentada:** non responde a esixencias legais, nin a formatos estándar de cada organismo, como si acontece cos modelos documentais.
- **Introduce variedades lingüísticas:** teñen cabida as variedades dialectais (xeográficas), ben sexa na fonética ou nalgunha estrutura, e outros trazos característicos da diversidade xeracional, social e mesmo profesional.
- **Forma parte do tecnolecto administrativo:** malia todas as características enunciadas, trátase dunha comunicación formal entre persoas que non manteñen ningún grao de confianza, xa que logo rexerese necesariamente por un trato respectuoso e unha linguaxe coidada.

■ Ver os vídeos correspondentes ao módulo 1 do Curso medio de linguaxe xurídica en liña no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A elaboración do discurso oral

Ao igual ca no caso da escrita, os profesionais da Administración non se expresan segundo escollas individuais, senón que procuran a eficacia nas súas comunicacións, seguindo parámetros técnicos propios dun servizo público.

Os criterios expresados para a redacción son tamén os que deben empregarse na linguaxe verbal. O diálogo coa cidadanía é produto dunha situación non programada, pero o contido, no caso da Administración, si vén precedido de certa previsión. As características propias da comunicación oral non a eximen, xa que logo, dun grao de planificación apropiado ao contexto, no que ten cabida a espontaneidade sen renunciar a estas premisas elementais: corrección, adecuación, precisión e concisión.

Corrección

Escolla dun modelo de lingua coidado: o estándar culto. Gramaticalmente, observando as normas de formación de palabras (xénero, número e conxugación). Sintacticamente, atendendo en especial á colocación axeitada dos elementos das frases e á concordancia precisa entre estes. Canto ao léxico, aproveitando a riqueza do galego, dentro sempre do marco da linguaxe técnica administrativa.

Adecuación

Adaptación ás distintas situacións orais, observando a linguaxe da persoa interlocutora, sen abandonar o rexistro culto, é dicir, unha lingua formal. O abuso dos coloquialismos provoca unha diminución da consideración cara á persoa á que nos diriximos, algo inxustificable cando se produce por iniciativa dun ente público. Tampouco o uso de castelanismos e outros estranxeirismos lle engade calidades á comunicación; son deturpacións que só contribúen á perda de calidade lingüística.

Precisión

As palabras idóneas non son sempre as máis técnicas, senón as que a outra persoa entende mellor. Desde o rigor profesional, cómpre evitar termos e expresións escuras ou grandilocuentes, que dificultan a comunicación e afianzan a concepción da Administración como un ente distante dos problemas e necesidades da cidadanía.

Concisión

A información que se ofrece debe resultar útil e relevante na situación comunicativa. As aclaracións e repeticións son pertinentes sempre e cando resolvan problemas de comprensión; porén, isto non pode confundirse coa divagación e a dispersión dos comentarios. Lonxe de axudar os nosos obxectivos, distraen a atención da persoa interlocutora do tema principal.

Na comunicación interna, os usos coherentes coa linguaxe empregada nas comunicacións externas contribúen a mellorar a calidade de ambas as dúas.

■ Ver os vídeos correspondentes ao módulo 1 do Curso medio de linguaxe xurídica en liña no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A relación coa cidadanía

Unha boa atención baséase en dous aspectos principais, o trato ofrecido e a eficacia na resolución do asunto que se presenta.

Nun servizo de calidade percíbese:

Actitude

- Un trato amable, paciente e comprensivo.
- A predisposición do/a funcionario/a para informar e xestionar.
- Seguridade do persoal nos procedementos, para procurar sempre unha solución.

Xestión

- Rapidez na resposta.
- Organización do espazo de traballo.
- Apoio documental.

Expresión verbal

- Pronuncia clara e correcta.
- Selección de léxico preciso e adecuado.
- Variación no uso de conectores, evitando os comodíns.
- Manexo das rectificacións e redundancias en función da reacción do interlocutor e das súas necesidades.
- Preguntas breves que manteñen a atención.

Expresión non verbal

- Atención visual centrada no usuario.
- Entoación clara, en que se distinguen nitidamente as afirmacións das preguntas.

- Volume de voz e ritmo axustados ao ambiente físico e á canle.
- Expresividade natural e xesticulación para confirmar a mensaxe e facer máis económica a comunicación.

Contido

- Adecuación ao contexto e á persoa interlocutora.
- Selección de ideas centrais.
- Claridade e ordenación dos conceptos.
- Estruturación coherente da mensaxe.

■ Ver os vídeos correspondentes ao módulo 1 do Curso medio de linguaxe xurídica en liña no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

1.3 Léxico

Caracterización da linguaxe xurídica

Como expresións culturais vivas, as linguas reflicten a diversidade da comunidade que as emprega, en función de factores xeográficos, históricos, contextuais, culturais, sociais e profesionais. A linguaxe xurídica pode considerarse o resultado dalgunhas destas variables.

A nivel léxico, as súas características son as propias dunha lingua especializada para un uso profesional:

- Nivel culto, moi próximo ao estándar, sen elementos de identificación con ningunha variedade social ou contextual.
- Selección de termos precisos e adecuados ás situacións comunicativas propias da Administración de xustiza.
- Convivencia de terminoloxía de tipo técnico con usos especializados da lingua común e expresións xerais, de cara a conseguir unha comunicación clara e próxima.
- Pouco dinamismo, pois está suxeita a menos variacións diacrónicas ca a lingua común.

A compoñente específica

A linguaxe xurídica é, xa que logo, unha especialización funcional da lingua, a partir da cal se elabora desde a Idade Media.

Por unha banda, creando o léxico específico que a dota da precisión necesaria: *requirimento, comisar, procesual...* no que, sen dúbida, a linguaxe do dereito adquire moito protagonismo debido ao seu peso nas propias actuacións da Administración pública.

Pola outra, servíndose de áreas terminolóxicas coas que ten un contacto directo (o ensino, a sanidade, o urbanismo etc.): *saneamento, gabia, poxa, subministración...*

Sen dúbida, esta é a compoñente que con máis facilidade lle permite á persoa interlocutora recoñecer que estamos ante unha comunicación xurídica ou administrativa, a terminoloxía.

Sempre que se faga un uso racional dela, cumprirá coas súas funcións expresivas. Porén, ao igual que acontece no caso dos trazos gramaticais ou estilísticos, un emprego abusivo escurece a xestión da Administración. Cando a palabra non pode ser substituída por unha sinónima, estamos utilizando terminoloxía necesaria; cando existen alternativas, cómpre valorar os beneficios das escollas, de cara a unha comunicación fluída co destinatario do documento.

O termo máis común ten maiores posibilidades de ser ben interpretado por quen recibe a información.

A base lingüística esencial

Se a linguaxe xurídica manifesta a súa especificidade a través da terminoloxía propia, moi vinculada á área legal, o esqueleto sobre o que asenta a súa personalidade é a lingua, o galego. De feito, moitas das características que recoñecemos como particulares da «forma de expresarse da Administración de xustiza» son en realidade recursos activos na lingua común dos que se fai un

uso maior (é o caso do xerundio ou do participio); ou ben, como acontece co léxico, se monopolizan determinadas acepcións: *resolver* ('decidir / solucionar'), *praza* ('posto de traballo / espazo descuberto'), *cubrir* ('encher un formulario / tapar')...

Existe pois unha relación básica entre o idioma galego e a súa lingua de especialidade, que por un errado diferencialismo o persoal da Administración tende a distanciar.

O texto xurídico non perde calidade cando se asemella a outro que non o é, senón cando non é capaz de cumprir a función para a que foi redactado.

De contarmos con varias posibilidades, cómpre optar polas expresións que nos permitan formular as comunicacións máis eficaces coa persoa interlocutora. Estas sempre serán as máis próximas á súa lingua.

O estilo propio

A linguaxe xurídica galega é, como parte dunha lingua, un elemento cambiante. Evolucionou a través do tempo e viuse moi condicionada no seu decurso histórico polo contacto co castelán. Ao perderen poder as institucións galegas, no século XV iniciouse un proceso de substitución do aparello administrativo galego que levou parello o cambio do seu idioma instrumental. O proceso creou dependencias do modelo castelán que aínda perviven hoxe; non só das súas características, senón tamén das súas debilidades.

No século XX producíronse dous feitos moi relevantes para remontar estes condicionantes: a recuperación das estruturas administrativas galegas, coa aparición do aparello institucional democrático, e o xurdimento dun movemento internacional de modernización da linguaxe administrativa e xurídica. A súa concorrencia permítenos afrontar un necesario proceso de renovación de cara a restablecer a personalidade do noso modelo de lingua profesional.

Para acadar este fin, partimos de **tres principios fundamentais** que se aplican a todos os aspectos, non só ao léxico:

1) Recuperar o fondo léxico da documentación medieval

Posuímos unha rica tradición administrativa que, malia ser abruptamente interrompida, xerou documentación (sentenzas, contratos privados, documentos gremiais...) que tomamos como primeira fonte á hora de reconstruír a lexicografía afectada por deturpacións. Con todo, se a lingua moderna conta cun termo válido, recorrer á variante medieval sería arcaizante e pouco operativo na comunicación.

2) Valorar a riqueza dialectal do galego

Cando a herdanza histórica non nos permite solucionar eivas léxicas, debemos lembrar que o galego se caracteriza por unha variedade dialectal riquísima. Mentres non abusemos dela, mentres non nos distancie do estándar que caracteriza as linguas profesionais, pode achegarlle viveza e diversidade á comunicación administrativa.

3) Harmonizar as escollas coas doutras linguas romances

Cando unha lingua non atopa recursos propios que lle permitan medrar e fortalecerse, cómpre observar o comportamento de idiomas próximos, no noso caso as demais linguas románicas, para buscar nelas solucións comúns.

①1 e 2

Módulo 2

Contorno

Historia: O recoñecemento da xustiza

Lexislación: Estatuto de autonomía de Galicia

Gramática

A estrutura *substantivo + a + infinitivo*

Redacción e estilo

Os signos de puntuación

Léxico

Elaboración do léxico xurídico

2.1 Contorno

Historia: o recoñecemento da lingua na xustiza

Na segunda metade do século XIII o galego consolida o seu status como lingua apta para as comunicacións escritas. Funciona como lingua instrumental das xestións administrativas, por causa das necesidades da nobreza e dos poderosos mosteiros de regular as súas relacións económicas e do protagonismo do campesiñado na explotación agrícola das propiedades.


En 1250 Afonso X decreta a introdución do vulgar nas escrituras públicas, algo que xa se producía de feito.

O recoñecemento explícito promove tamén o seu desenvolvemento terminolóxico dentro do ámbito da linguaxe xurídica.

por ante ojuiz quitouse de pesoaria edisso que nõ quiria defender jur aleo. Entõ o juiz deu sa carta aos alcaydes de Mogardos. nomidados Rodrigo Rodriguiz e Rodrigo Pedriz pera... a que a constringessẽ essa Maor Rodriguiz que uéesses responder sutal forma. De mj dõ Pedro Rodriguiz juiz de Sloure: aos alcaydes de Mogardos: saude. Roy Gunsaluiz de Seloure fi... persoaria de Maor Rodriguiz dOuana contra os frades de Monfero das herdades que le demandarõn por ante dõn Rodrigo. e agora por mĩ quitouse do pleito eda pesoaria que nunca les y tornasse nẽ amparasse rẽ en aquelas herdades. éeles quitarõ le afiadoria eas custas quantas y... ean aquitar. unde uos digo uáades aessa Maor Rodriguiz ia dita ele fazades si sabe que esas herdades erã de Monfero quise quite delas. esi nõ si ar sabe sõ suas: uena amparar a dereyto por antae mj. esi nõ quiser esto fazer: digo uso que mitades estas frades nas herdades en logo de penor. Enos alcaydes ia ditos esta carta recebuda fomos aessa Maor Rodriguiz assi como nos mandou o juiz e dissemos le si se quiria quitar aos frades de Monfero esas herdades se as quiria amparar adereyto. e essa Maor Rodriguiz respondeu edisso que enten[dia] e sabia que o moesteyro auía gáadas aquelas herdades assi como deufa.

RENUNCIA DE MAIOR RODRÍGUEZ DUNS TERREOS SITUADOS EN MUGARDOS A FAVOR DO MOSTEIRO DE MONFERO

É un documento de 1257 que recolle o proceso de reclamación dos monxes de Monfero contra varios nobres co obxecto de definir a propiedade e usos duns terreos situados en Mugardos.



Lexislación: Estatuto de autonomía de Galicia

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 27

No marco do presente estatuto correspóndelle á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da lingua galega.

2.2 Gramática

2.2.2 A estrutura *substantivo + a + infinitivo*

Esta é unha estrutura calcada do francés que convén evitar. En troques, existen na nosa linguaxe xurídica moitas formas adecuadas para expresar o mesmo:

- × *Feitos a describir*
- ✓ *Feitos descritibles // que se deben describir*
- × *Días a contar a partir de*
- ✓ *Días contados a partir de*
- × *Documentación a presentar*
- ✓ *Documentación que hai que presentar // que cómpre presentar*
- × *Documentación a entregar*
- ✓ *Documentación necesaria // esixida*

③

2.3 Redacción e estilo

Os signos de puntuación

Os signos de puntuación son marcas gráficas de valor convencional que nos permiten interpretar un texto adecuadamente. Sinalan pausas e entoacións que teñen como función xerarquizar a información, de xeito que se distinguan os elementos principais dos secundarios, segundo a intencionalidade de quen redacta o documento.

A coma

Indica unha pausa breve, dividindo así oracións en segmentos máis pequenos que manteñen a relación temática e gramatical. Debe escribirse pegada á palabra que a antecede.

Resulta útil para:

- Separar un inciso ou explicación que se intercala na oración.

A narración dos feitos, a cal se recolle na súa declaración, indica todo o contrario.

Tamén teñen esta función as parénteses e a raia. A lixeireza gráfica dun texto que precise moitas aclaracións depende, en boa medida, de distribuír equilibradamente os tres recursos. Con todo, podemos intercalar textos entre comas dentro de parénteses ou de raiais; pero non podemos poñelos á inversa.

- Illar os vocativos que van no medio das oracións.

Podemos afirmar, señoras e señores, que este proceso é consecuencia dun erro de identificación.

- Marcar a alteración da orde habitual da frase, para enfatizar un dato.

Tras ser aceptada a súa petición, modificou as bases da súa defensa.

- Introducir conectores textuais ao inicio da oración: *é dicir, ou sexa, isto é, xa que logo, non obstante, en fin, por último, por conseguinte, en xeral, ademais...*

En consecuencia, teranse en conta as indicacións do informe pericial.

- Expresións adverbiais intercaladas

Os informes periciais, consecuentemente, xuntaranse á documentación do caso.

- Separar as palabras nas enumeracións, agás o último elemento, que se une coa conxunción *e*.

Deberá presentar a fotocopia do DNI, o certificado e o xustificante de pagamento.

- Separar o lugar do día na expresión da data.

A Coruña, 30 de xullo de 2010

- Separar os distintos elementos dunha indicación de lugar.

Termo municipal de Culleredo, A Coruña

- Introducir o saúdo e a despedida nos documentos que poden levalos, como é o oficio externo, a carta etc.

*Prezado/a señor/a,
[...]
Cordialmente,*

Erros habituais no uso da coma

- Separar o suxeito do verbo e este dos seus complementos.

× ... *para que todas as persoas que se consideren afectadas, poidan iniciar as accións pertinentes.*

✓ ... *para que todas as persoas que se consideren afectadas poidan iniciar as accións pertinentes.*

× *Mediante esta notificación comunícaselle a sentenza, a dona Guiomar...*

✓ *Mediante esta notificación comunícaselle a sentenza a dona Guiomar...*

- Antepoñelas ou pospoñelas, sen necesidade, a algunhas conxuncións: as coordinadas (*e, nin, ou*), as finais (*para que*), as causais (*porque, pois*), as concesivas (*aínda que*), a condicional (*se*).

× *O cal se fai público por medio deste anuncio, para que, no prazo dun mes, presente as alegacións oportunas.*

✓ *O cal se fai público por medio deste anuncio para que, no prazo dun mes, presente as alegacións oportunas.*

O punto

Como elemento que organiza a redacción:

O punto e seguido: utilízase para separar oracións dentro dun mesmo parágrafo que non teñen relación sintáctica, pero si temática.

O punto e á parte: separa, dentro dun mesmo texto, un parágrafo do seguinte. Emprégase cando se produce un cambio de tema ou cando se cambia de orientación dentro dun mesmo tema. Nos documentos, ademais, pecha o texto de despedida se este consiste nunha oración.

O punto e final: marca o final dun texto.

Como **recurso ortográfico:**

- Remata as abreviaturas.
- Separa o día, o mes e o ano nas datacións.
- Combínase con números e/ou letras para xerarquizarse un documento extenso: art. 8.3

Ademais, é importante lembrar **cando non debemos usalo:**

- no final dos títulos dos documentos, dos rótulos e dos sinais informativos;
- nas siglas, nos acrónimos e nos símbolos;
- nos números de anos, teléfonos e documentación.

O punto e coma

Indica unha pausa no discurso maior ca a coma e menor ca o punto.

Usos convenientes:

- Separar oracións dentro das cales xa hai coma.
Ás 9:30 h chegaron as persoas emprazadas, os seus representantes e os da Consellería de Traballo e Benestar; sentaron na zona asignada e comezou a sesión.
- Unir oracións autónomas pero relacionadas polo seu sentido; e tamén enumeracións de oracións xustapostas.
Valide os títulos; compulse as copias; cubra o formulario e presente a solicitude xunto con toda a documentación.
- Antes das conxuncións adversativas (*mais, pero, aínda que, no entanto, non obstante, emporiso...*), se a oración é longa. Se é curta, úsase a coma.
As consideracións que os peritos destacan son pertinentes; mais é preciso apoialas con documentación gráfica que ata a actualidade non foi achegada pola acusación.
- Diante dunha oración que resume o exposto anteriormente.
O abandono do monte que o rodea, o elevado tránsito de persoas e vehículos, a falta de indicadores de advertencia; todo indica que é precisa unha intervención para protexer este patrimonio arqueolóxico.

Os dous puntos

Como en calquera outro texto escrito, nos documentos administrativos os dous puntos empréganse para introducir información. O máis común é:

- Reproducir palabras ou citas textuais.
O afectado manifestou: «Os muros de contención foran levantados dous meses antes do temporal».

- Iniciar unha enumeración.

Os cursos ofertados son os seguintes: contabilidade, atención ao público e linguaxe xurídica.

- Comezar un discurso.

Señores e señoras:

Prégolles que se manteñan en silencio ou vereime na obriga de desaloxar a sala.

- Tamén existe a posibilidade de empregalos no saúdo daqueles documentos que o conteñan. Mais para isto aconséllase empregar a coma e asignarlles aos dous puntos a función de introducir o contido principal da comunicación administrativa, aquel que aparece tras verbos como:

SOLICITO: DIGO: FAGO SABER:

DECIDO: INFORMO: EXPOÑO:

A relevancia desta parte do documento é tal que se escribe tamén en maiúsculas.

Os puntos suspensivos

Son un recurso para:

- Deixar aberto calquera tipo de enunciado.
Na xuntanza tratáronse estes temas: as carencias en formación, a automatización de procesos...
- Marcar a supresión de palabras nunha cita textual, sempre entre corchetes.

Segundo a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, ratificada polo Goberno de España, é un compromiso dos estados asinantes «[...] a facilitación e/ou o fomento do emprego oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada».

O guión

Nun texto xurídico, podemos empregalo para:

- Cortar palabras en final de liña.
- Separar prefixos: *ex-conselleira, non-intervención*.
- Unir palabras: *político-administrativa*.
- Marcar intervalos numéricos ou temporais: *Rosalía de Castro (1837-1885) ocupa un lugar relevante no panorama literario do s. XIX*.
- Tamén pode empregarse para introducir a segunda forma do artigo, pero aconséllase empregar a primeira.

A raia

Como o guión, a raia é un trazo horizontal pero de maior tamaño.

- Nun documento administrativo, serve para introducir incisos no interior do texto:

Galicia —cunha demografía de poboación avellentada nos núcleos rurais— segue a incrementar a poboación nas cidades.

- Tamén para organizar enumeracións en parágrafos independentes:

Documentación requirida:

*—copia da denuncia
—DNI
—relación detallada dos bens subtraídos
—opcionalmente, fotografías dos obxectos enumerados na listaxe*

As comiñas

- Podemos empregalas, principalmente, para encadrar frases ou citas textuais:

A avogada concluíu: «A súa actuación estivo condicionada pola dependencia de substancias estupefacientes que lle impediron manter o control».

Se a cita está incluída dentro doutra, utilizaremos para o segundo nivel as comiñas simples (‘...’). Se aparece en liña á parte, non son precisas.

Tamén se empregan para citar títulos de capítulos, apartados, relatorios, discursos, lemas, artigos de publicacións periódicas e documentos non publicados.

Antes da aparición dos procesadores de texto, usábanse tamén para enmarcar títulos de obras literarias e artísticas, estranxeirismos, sobrenomes... pero na actualidade isto destácase coa cursiva.

Outros nomes que non se escriben entre comiñas son os de congresos, programas, campañas, edificios e entidades. Destácanse grafándoos en maiúscula.

As parénteses

As parénteses, facendo un uso restritivo delas, sérvennos para:

- Illar aclaracións e incisos dentro dun enunciado.

Anexo I: Consonte co disposto no art. 94.2 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)...

- Separar da oración datos como páxinas, provincia, país, datas...

O vertido non autorizado de áridos tivo lugar nas proximidades do dolmen de Axeitos (Ribeira).

- Engadir a tradución de palabras estranxeiras e latinismos.

O tribunal decidiu outorgarlles o galardón ex aequo (por igual) aos dous finalistas.

- Ordenar unha enumeración ou un documento extenso.

Esa información pode atopala detallada no apartado b) do capítulo I.

Corchetes

A función dos corchetes é a mesma ca a das parénteses, pero úsanse moito menos. En xeral:

- Para facer aclaracións ou engadidos nun parágrafo que xa aparece entre parénteses.
- Para introducir datos ou fragmentos de texto que se presupoñen e poden axudar a entender o documento.
- Para indicar que se transcribe un texto literalmente, aínda que incorra en erros. Isto acontece, por exemplo, cando se reproducen datos de documentos en mal estado de conservación ou con deficiencias de transmisión (é o caso dos fax). Nestas ocasións, indícase a incidencia co latinismo [*sic*] a continuación da expresión dubidosa.
- Para indicar a supresión dunha parte dun texto, enmarcando os puntos suspensivos.

Barra diagonal

Nun texto xurídico, a barra diagonal úsase habitualmente para as indicacións temporais e para nomear textos legais:

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285 do 27.11.1992)

Tamén separa as terminacións de masculino e feminino cando é preciso indicar as dúas posibilidades.

Os/As alumnos/as do curso admitidos/as

Contacto entre signos

A confluencia de determinados signos ortográficos resólvese deste xeito:

<i>Non</i>	<i>Si</i>
....	...
....	...,
...:	...;
...?	...?
<i>Asdo..</i>	<i>Asdo.</i>
<i>-texto-</i>	<i>-texto.</i>
<i>avda./</i>	<i>avda. ou avda/</i>
<i>«Texto.»</i>	<i>«Texto».</i>
,»	,»;
;»	;»;
:«	:«;

Lembra tamén que o punto final aparecerá dentro ou fóra dun texto entre comiñas segundo corresponda ao fragmento citado ou ao enunciado maior no que este aparece. Acontece o mesmo entre o punto e as parénteses (ou os corchetes).

④

2.4 Léxico

A elaboración do léxico xurídico

As orixes latinas do galego percíbense con maior ou menor intensidade segundo a distinta evolución que seguiu o repertorio léxico que recibimos do latín.

Os elementos que antes se implantaron na nosa lingua foron, loxicamente, os máis transformados polo propio uso; os serodios seguen un lento camiño no que aínda se perciben claras seme-lanzas cos termos de procedencia.

En función da proximidade ou da distancia coas formas orixi-narias distinguimos entre cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais.

Ademais desta achega esencial, o contacto con outras linguas permitiulle ao noso idioma medrar con préstamos como *carne* e *burocracia* (do francés) ou *marketing* e *software* (do inglés).

Pero a súa maior riqueza está na capacidade de evolucionar por si mesmo, creando novas palabras que o enriquecen e lle dan vitalidade.

Os sistemas mediante os cales o galego forma novas palabras son a derivación e a composición.

Cultismos

Son vocábulos, especialmente frecuentes nos tecnolectos, que continúan manténdose moi pegados ás formacións orixinarias latinas: *plano*, *experiencia*, *articular*, *secretario*, *íntegro*...

A súa adaptación superficial, que normalmente se reduce á terminación, provoca que sexan moi semellantes en todas as linguas romances, polo que facilitan a intercomprensión lingüística nos rexistros cultos e técnicos.

Semicultismos

Termos de base latina que mostran unha adaptación maior, sobre todo á fonética, de cada lingua románica: *regra*, *doutora*, *outorgar*, *artigo*...

Termos patrimoniais

Palabras que evolucionaron fonética e morfoloxicamente por completo, debido a estar máis estendidas, e polo tanto empregadas, na lingua común: *camiño*, *enteiro*, *orde*, *allear*, *desafuizar*...

Como consecuencia da súa elevada transformación, son as que máis difiren nas distintas linguas procedentes do latín.

A formación de palabras

Por medio da derivación, as linguas modifican termos preexistentes engadíndolles prefixos e sufixos. Este procedemento é moi

rendible especialmente na linguaxe administrativa.

Algúns exemplos con prefixos son:

- De orixe latina: *axuntar*, *abstención*, *adaptar*, *antedito*, *benestar*, *bilateral*, *conciudadán*, *contraproposta*, *dimitir*, *desbotar*, *diminuír*, *disfunción*, *endebedamento*, *estender*, *expropiación*, *extraoficial*, *ilegal*, *imparcial*, *infraestrutura*, *interadministrativa*, *sobrepreso*, *subrogar*, *supervivente*, *supralitoral*, *vicepresidenta*.
- De orixe grega: *apolítico*, *antixurídico*, *arquidiocese*, *autofinanciamento*, *hemiciclo*, *hiperinflación*, *hipoteca*, *macroestrutura*, *monoparental*, *neonatal*, *paraadministrativo*, *periferia*, *posdata*, *preconcepto*, *reconverter*, *semisoto*...

Os sufixos máis comúns tamén teñen procedencia latina ou grega; son numerosos e en moitas ocasións continúan activos. En función do significado que achegan, organízanse en distintos grupos:

- Abstractos: *observancia*, *veciñanza*, *esixencia*, *validez*, *diferenza*, *clareza*, *capacidade*, *avinza*...
- Acción: *atestado*, *representante*, *arbitraxe*, *exención*, *licitador*, *adiamento*, *encubrimento*, *auditor*, *conxectura*...
- Caracterizadores: *revisable*, *sancionador*, *beneficiario*, *xustificativo*, *absolutorio*, *vantaxoso*, *conxuntural*...
- Colectivos: *funcionariado*, *formulario*...
- Locativos: *concellaría*, *tesourería*...
- Profesionais: *notario*, *conselleira*, *presidente*, *especialista*, *contribuínte*, *rexistradora*...
- Xentilicios: *catalá*, *compostelán*, *alaricana*, *arnoiao*, *hebrea*, *galego*, *brasileiro*, *abañense*, *chinés*, *paquistaní*, *laurentina*...
- Verbais: *nomear*, *autorizar*, *ofertar*, *dilixenciar*...

Por outra parte, na composición interveñen dúas ou máis palabras que combinadas entre si denominan un novo concepto. Segundo o nivel de implantación da lingua, poden escribirse unidas (*socioeconómico*) ou manter un guión que deixa ver con claridade as palabras das que procede (*casa-fogar*).

①5

Módulo 3

Contorno

Historia: O galego na Corte de Castela

Lexislación: Lei de normalización lingüística I

Gramática

O pronome pleonástico de CI

Redacción e estilo

Os recursos tipográficos

Léxico

Interferencias e calcos doutras linguas

3.1 Contorno


Historia da lingua: O galego entra na Corte de Castela

O galego é unha lingua apta para os textos legais, como así se rexistra en numerosas fontes documentais. Acrecéntase o desexo de ter un corpo xurídico na lingua propia e a pretensión de darlle prestixio, o que leva á aparición, durante o século XIII, de traducións dos principais documentos xerados na administración do rei: *As sete partidas*, o *Forum iudicum* e o *Foro real*.

Ligeyramente acaescería que o demandado nõ averia poder de mostrarla cousa en juizo aa sazón quella demãdassẽ. pero se o demandador porfiar yndo adeante por lo preito, poderlo ya depouys fazer no tempo que quisesse dar o juizo sobre ella. Et porque de tal rrazõ como [e]sta poderia naçer algũa dulta, dizemos que en qualquer tẽque o demandado aja poder de mostrar a cousa que lle de[m]andã en juizo, que o deve fazer. Mays se por ventura [e]n la sazõ que sse começasse o preito ouvesse poderio dela [m]ostrar a seu contendor ante o juiz e nõ lo fezesse, dizẽ[do] aquel que lla demãdasse que nõ lo deve fazer, por que ten que [n]õ avia dereyto en ella. E quando el julgador quisesse [da]r o juizo e lle fezesse mandamento que lla mostrasse ou [l]a entregasse ou outro, e acaescesse que o nõ podesse [fa]zer, por que la cousa fosse perdida ou sendo cousa viva [f]osse fugida ou morta, entõçe, se o demandado [ten] aquella cousa a buenaffe e depouys perdeo a tenenza [de] lla por algũa dellas razões sobreditas, nõ e teu[do] de a mostrar nõ peytar nõ una cousa sobre esta rra[zõ]

AS SETE PARTIDAS

Trátase dun corpo normativo redactado en Castela durante o reinado de Afonso X (1255), co obxecto de uniformizar xuridicamente o reino. Pola súa extensión e vixencia, considérase o legado máis importante en castelán ao ordenamento xurídico.



Lexislación: Lei de normalización lingüística I

Título I: Dos dereitos lingüísticos en Galicia

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de usalo.

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Título II: Do uso oficial do galego

Artigo 4

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e

das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

2. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.

Artigo 5

As leis de Galicia, os decretos lexislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración pública galega publicaranse en galego e castelán no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6

1. Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei.

Artigo 7

1. No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de xustiza.

2. As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou o interesado terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa.

3. A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza.

Artigo 8

Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. De non haber acordo entre as partes, empregaranse ambas as dúas linguas.

Artigo 9

1. Nos rexistros públicos dependentes da Administración autonómica, os

asentamentos faranse na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribírase na lingua que indique quen o presenta no rexistro. Nos rexistros públicos non dependentes da comunidade autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.

2. As certificacións literais expediranse na lingua na que se efectuase a inscrición reproducida. Cando non sexa transcripción literal do asentamento, empregárase a lingua oficial interesada polo solicitante.

3. No caso de documentos inscritos en dobre versión lingüística pódense obter certificacións en calquera das versións, á vontade do solicitante.

Artigo 10

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente.

3. Estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.

A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Artigo 11

1. Co fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público en Galicia.

2. Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

3. Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, así coma notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego.

3.2 Gramática

O pronome pleonástico de CI

O pronome dativo (*me, che, lle, nos, vos, lles*) realiza a función de complemento indirecto. Pode facelo só:

Recolleulle a documentación o primeiro día de inscrición.

Fágolles chegar a dilixencia co segundo chamamento.

E tamén cando o complemento indirecto se expresa a seguir:

Entregoulles a citación ás testemuñas emprazadas polas partes.

Reclámolle novamente ao conselleiro o expediente administrativo solicitado con anterioridade.

Entréguenlle ao debedor unha copia da demanda.

Esta é unha regra de estilo característica tanto da lingua oral coma da lingua escrita, que se debe coidar coa mesma atención nas linguas de especialidade.

3.3 Redacción e estilo

Os recursos tipográficos

No deseño dun documento procuramos ter en conta, en primeiro lugar, as pautas establecidas pola entidade que o emite á hora de elaborar os seus modelos: marxes, tipo de caixa dos parágrafos, tipo de fonte etc.

Pero isto só, sen outros parámetros, non abonda para organizar un texto administrativo e tirar del a máxima eficiencia comunicativa. É preciso seguir unhas normas de redacción, seleccionar o léxico... e apoiarse en recursos tipográficos que favorezan a correcta interpretación da estrutura do texto: de que tipo de documento se trata, cantas partes ten, cales son os datos relevantes.

A calidade obtense a partir dun uso equilibrado, coherente e harmonioso das opcións que a continuación se comentan:

A cursiva

Úsase para:

- Indicar os nomes científicos, os pseudónimos, os estranxeirismos, os coloquialismos e os latinismos.
- Nomear os títulos de producións culturais ou artísticas: libros, publicacións periódicas, obras pictóricas, películas...
- Destacar palabras dun texto e reproducir citas noutras linguas.
- Escribir caracteres que forman parte de fórmulas, introducen apartados ou fan referencia a si mesmas.

De non ser posible usar a cursiva, lembremos que as comiñas teñen a mesma función, aínda que estean en desuso.

Por outra parte, se algún dos casos anteriores se dá dentro dun texto que xa está en cursiva, para conseguir que destaque teremos que optar por escribilo en letra redonda.

A negra

A letra negra serve para destacar a información que quen redacta considera máis relevante.

Isto pode afectar ao contido do texto ou á súa organización. Como para o primeiro podemos empregar tamén a cursiva, é aconsellable utilizar a negra como elemento estruturador do documento:

Para os títulos dos apartados:

*A memoria xustificativa deberá conter o apartado **Dotación**, no que se farán constar os medios cos que se contou para levar a cabo o proxecto.*

Para as distintas partes necesarias en cada tipo de documento:

Núm. da sesión: 2/2010

Carácter: ordinaria

Lugar: Edf. Admtivo. San Caetano

Data: 13.01.2010

Asistentes:...

Deste xeito, distribuímos cun criterio moi funcional os recursos que antano se superpoñían, recargando a aparencia visual da comunicación e restándolles efectividade a todos eles.

Con todo, o fundamental é atoparmos un criterio xerárquico que sexa coherente en todo o documento.

O subliñado

Trátase dunha raia que se coloca por baixo dun texto coa finalidade de salientalo. Aínda que apenas se use, pode asumir as mesmas funcións ca a negra se esta non está dispoñible.

3.4 **L**éxico

Interferencias e calcos doutras linguas

Certos aspectos da linguaxe xurídica galega están fortemente contaminados pola presión do castelán. Por iso, é fundamental tomar consciencia da necesidade de reconstruír unha variedade de noso, depurada e sen ningunha caste de engadidos estraños, por moito que a tradición pareza autorizalos.

Todas as linguas, nun momento ou noutro da súa historia, reciben achegas daquelas outras coas que entran en contacto.

Cando estas incorporacións enriquecen a expresión dun idioma, falamos de préstamos.

Partindo da base latina do galego, o noso idioma recibiu en distintos momentos:

- **Galicismos:** introducidos no medievo e, principalmente, no XVIII. Exs.: *xefe, gabinete, carné, burocracia, departamento, finanza, rango...*
- **Anglicismos:** desde o s. XIX o inglés substitúe o francés como fornecedor de léxico, especialmente para as linguaxes técnicas e científicas. Exs.: *software, líder, stock, mailing, test...*

Pero noutras ocasións, na que o contacto é maior, unha lingua inflúe noutra substituindo os seus termos propios por outros innecesarios; ou ben proporcionándolles novas acepcións ás palabras do idioma receptor. Daquela falamos de *interferencias* (termos) e *calcos* (significados).

En Galicia prodúcense numerosas interferencias do castelán para o galego no ámbito terminolóxico, na disposición da información, na estrutura dos documentos e nos elementos morfosintácticos e léxicos. Neste aspecto, prodúcense varios tipos de castellanismos:

Ortográficos

**abogado* · *avogado*
**acreedor* · *acredor*
**tasar* · *taxar*
**adscripción* · *adscripción*

Morfosintácticos

**súa quenda* · *a súa quenda*
**lle entregou unha citación* ·
entregoulle unha citación
**por elo* · *por iso*

Léxicos

**devengar* · *devindicar*
**apremio* · *constrinximento*
**acompañar* · *achegar*
**cumprimentar* · *cuhrir*
**cesar* · *destituír*
**contemplar* · *considerar*

Módulo 4

Contorno

Historia: A consideración de lingua de prestixio

Lexislación: Lei de normalización lingüística II

Gramática

O adxectivo identificador *mesmo, -a*

Redacción e estilo

As maiúsculas e as minúsculas

Léxico

Vacilacións frecuentes

4.1 Contorno

Historia: A consideración de lingua de prestixio

O galego chegou a cubrir durante os séculos XIV e XV case todas as funcións propias dunha lingua nacional normalizada. Nesta etapa, o seu uso abrangue todos os ámbitos: a Administración civil, a vida económica, a Administración de xustiza, a vida eclesiástica e relixiosa, a ciencia e a técnica, a historiografía, a literatura... As corporacións civís (concellos, gremios, confrarías) e eclesiásticas (igrejas, catedrais, mosteiros) valéronse del constantemente.

damos poder a os ditos nosos procuradores et a cada ñu deles insolidum, porque por nos et en noso nome posan paresçer et parescan ante noso señor el rey et ante a señora reyna doña Catalina, madre do dito señor rey et sua tutora et regidora de seus regnos et ante os señores do Consello do dito señor rey et oydores da sua Audiencia et notarios et alcalles da sua corte et chancelleria et ante qualquer deles en seguimiento de hũa apelçon que por nosa parte foy interposta d'ante Juan Sanches de Cuhaçu, doutor en leys et oydor enna audiencia do dito señor rey et seu corregidor enno regno de Galisa sobre rason de hũu pleito que ante o dito corregidor nos foy movido por los procuradores dos conçeellos das vilas de Pontedeume et Ferrol et Vilalva

O LIBRO DO CONCELLO DE SANTIAGO

Esta compilación (1416-1422) documenta a etapa histórica na que Santiago de Compostela acadou o seu esplendor económico, institucional e cultural. Desde xuramentos de alcaldes ou xuíces ata un pregón con medidas e prezos dos produtos dos mercados ditados polas ordenanzas do concello. De 326 documentos, 308 están en galego e só 18, en castelán.

Lei de normalización lingüística II

Título VI: Da Administración autonómica e a función normalizadora

Artigo 22

O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente lei.

Artigo 23

O Goberno galego establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Artigo 24

1. A Escola Galega de Administración Pública encargarse da formación dos funcionarios co fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos pola presente lei.

2. O dominio das linguas galega e castelá será condición necesaria para obter o diploma da Escola Galega de Administración Pública.

Artigo 25

O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

4.2 Gramática

O adxectivo identificador *mesmo, -a*

Mesmo é un identificador de igualdade que pode variar en xénero e número. Os seus valores son idénticos na lingua común e na administrativa: ‘igual’, ‘exacto’ (*Rexen os mesmos fundamentos para os dous procesos*); ‘xusto’, ‘exactamente’ (*Hoxe mesmo envíolle a copia do expediente que me demanda*); ‘incluso’ (*A documentación era tan incompleta que mesmo a presidenta do tribunal dubidaba da súa pertinencia*). Daquela, non pode empregarse por vez de demostrativos, nin de posesivos, nin de pronomes persoais.

× *Presentoulles ás autoridades o novo xuíz de paz substituto e despois destacou os méritos do mesmo.*

✓ *Presentoulles ás autoridades o novo xuíz de paz substituto e despois destacou os seus méritos.*

× *Analicemos os feitos e as consecuencias dos mesmos.*

✓ *Analicemos os feitos e as consecuencias deles.*

× *O día seguinte ao da publicación do mesmo.*

✓ *O día seguinte ao da publicación deste.*

× *Durante o mesmo.*

✓ *Durante este período.*

①7

De usalo para volver amentar algo xa mencionado (valor anafórico) non pode perder o seu significado:

O Xulgado de Primeira Instancia desestimou a demanda. O de segunda instancia tomou a mesma decisión / decidiu o mesmo.

4.3 Redacción e estilo

As maiúsculas e as minúsculas

En función da súa posición no documento, algunhas palabras deben escribir a primeira letra en maiúscula:

- ao comezo dun texto;
- despois de punto, de interrogación ou admiración final;
- despois de puntos suspensivos se estes remataban unha oración;
- despois de dous puntos se se trata dunha cita que comeza por maiúscula.

Existe outro principio para empregar a maiúscula: diferenciar, destacar un elemento. Ao igual que acontece coa negra e a cursiva, un uso abusivo ou reiterado deste recurso provoca que perda a súa efectividade, ademais de facer máis complexas a lectura e a interpretación da mensaxe.

En consecuencia, tomaremos como norma xeral escribir con minúsculas calquera palabra común así como os nomes propios cando se utilizan de forma xenérica: *cada sala, estes autos...*

Tamén cando se trata de:

- Nomes de centros, establecementos e entidades educativas, sanitarias e culturais: *escola, instituto, residencia*.
- Nomes de divisións territoriais e de accidentes xeográficos: *o río Ulla, a vila de Negreira, a provincia da Coruña*.
- Os días da semana, os meses e as estacións.
- Os documentos acreditativos: *o número de identificación fiscal, o carné de manipulador/a de alimentos*.

- Os nomes dos impostos: *imposto sobre o valor engadido (IVE)*.

Levan maiúscula inicial

- Os nomes propios e alcumes de persoas, así como os de familias e dinastías, sexan mortais ou divindades: *os Windsor; santa Minia; Moncho Fernández, o Alquimista*.
- As abreviaturas dos tratamentos de cortesía e de protocolo: *llmo./a. Sr./a*. De iren as palabras enteiras, van en minúscula: *ilustrísimola señor/a, excelentísimola señor/a*.
- Os topónimos e outros nomes de lugar, sempre que sexan imprescindibles para a denominación: *Foz, a Cidade Olívica, o Monte Louro*.
- Os nomes de edificios singulares ou que se fixaron na lingua como se fosen nomes propios debido ao éxito do seu asentamento: *o Palau da Música, a Biblioteca do Congreso*.
- Os substantivos e adxectivos que forman parte do nome dunha entidade formalmente constituída. Tamén pode manter a maiúscula no caso de nomeala de maneira incompleta pero acompañada dun artigo determinado. Calquera outra expresión que non se corresponda co nome propio da entidade porase con minúscula: *O Concello de Carballo apoia...; O Rexistro Civil de Santiago de Compostela informa // O Concello apoia...; O Rexistro Civil informa... // Este concello apoia...; Este rexistro informa...*

Non obstante, lembremos que os cargos que representan estas entidades se escriben en minúscula: a conselleira de Cultura, o alcalde de Carballo...

- Os nomes de entidades xurídico-públicas e relixiosas. Non así os adxectivos que os acompañan: *Administración autonómica, Goberno central, Igrexa católica, Estado español*.

- As siglas e algúns dos símbolos internacionais: *DNI, DOG, N, L*.
- A inicial de cada palabra dos títulos das publicacións periódicas: *Diario Oficial da Unión Europea*.
- A primeira palabra dos títulos de producións culturais ou artísticas: libros, obras pictóricas, películas...
- A primeira palabra dos títulos de textos legais e normativos: *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*.
- Todas as palabras no caso dos datos da persoa destinataria, cando se fai referencia a esta no pé do documento. Esta circunstancia só se pode dar se o documento vai dirixido a outra entidade ou unidade administrativa.

Tamén pode escribirse un texto íntegro en maiúscula con esta mesma función connotativa: para destacar un título ou as partes en que se organiza o documento, de igual xeito que se fai coa letra negra. O importante nestes casos é empregar os recursos de forma xerarquizada e coherente.

①8

4.3 **L**éxico

***aforo**

cabida s.f.
capacidade s.f.

Trátase dun castelanismos léxico.

Para referirse ao significado 'número de persoas que pode acoller un recinto' o galego debe usar *capacidade* ou *cabida*.

- × *O aforo do salón de actos é de 200 persoas.*
- ✓ *A capacidade do salón de actos é de 200 persoas.*

+aboar

aboado, -a *s. e adx.*
 aboador, -a *s. e adx.*
 aboamento *s. m.*
 abonado, -a *s. e adx.*
 abonamento *s. m.*
 abonar *v. t. e v. p.*
 aboar *v. t.*
 abono *s. m.*

Un dos significados de *abonar* é ‘subscribirse a unha publicación, servizo etc.’.

Habitualmente emprégase como pronominal *-abonarse-* co significado emparentado ‘facerse abonado de algo’.

Á súa familia léxica pertencen *abono*, *abonamento* ou *abonado*, -a.

No entanto, a forma *aboar* en galego ten os significados de ‘pagar unha cantidade’ ou ‘dar por bo ou certo’.

Na súa familia léxica concorren asemade formas como *aboamento*, *aboador*, -a ou *aboado*, -a.

Xaime abonarase a ese xornal para recibilo na casa todos os días.

Deberá aboar as taxas correspondentes nun prazo de 20 días.

*adxuntar

*adxuntar *v. t.*
 achegar *v. t.*
 adxunción *s. f.*
 adxunto *adx. e s. m.*
 axuntar *v. t.*
 xuntar *v. t.*

O verbo *adxuntar* non se deu en galego co valor ‘enviar algo engadido canda unha mensaxe’; trátase dun castelanismo léxico.

Son formas válidas con este significado *axuntar*, *xuntar* ou *achegar*; con todo, *achegar* é a voz de uso máis estendida nas linguaxes xurídica e administrativa.

Porén, a lexicoloxía normativa considera correctas as formas *adxunto*, -a (*adx.* e *subs.*) e *adxunción*.

× *Debía adxuntar os anexos na memoria que presentou.*

✓ *Deberá achegarlle ao informe unha copia do expediente.*

✓ *Non lle foi posible descargar o documento adxunto.*

*adebedar

*adeudar *v. t.*
 aboamento
 en/na conta
loc. s. m.
 aboar na conta *loc. v. t.*
 cargar na conta *loc. v. t.*
 cargo na conta *loc. s. m.*
 débeda *s. f.*
 deber *v. t.*
 endebedar(se) *v. t. e p.*

As dúas formas *adeudar* e *adebedar* son incorrectas. A formación castelá *adeudar* (prep. a + subst. *deuda*) non é admisible en galego.

Do mesmo xeito, a creación hipergalega **adebedar* é considerada un calco da antedita forma castelá.

A forma tradicional e de uso normativo en galego é *deber*.

Outras formas léxicas relacionadas son *débeda* ou *endebedar(se)*.

As frases castelás *adeudar en cuenta* e *adeudo en cuenta* véñense traducindo por *cargar na conta* e *cargo na conta*, en oposición a *aboar na conta* e *aboamento na conta*.

× *No momento de cancelar a conta adebedaba 200 €.*

✓ *No momento de cancelar a conta debía 200 €.*

*alevosía

aleivoso, -a *adx.*
 aleivosía *s. f.*

Co significado ‘precaución de quen comete un delito para non correr risco’ o galego usa *aleivosía*, forma tradicional e documentada dende a Idade Media.

Como adxectivo a forma usada é *aleivoso*, -a.

× *A avogada probou que o delito fora cometido coa agravante de aleivosía.*

✓ *A avogada probou que o delito fora cometido coa agravante de aleivosía.*

Módulo 5

Contorno

Historia: A consciencia dun idioma de seu

Lexislación: Decreto que regula as competencias da
Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Gramática

O adxectivo determinado *dito, -a*

Redacción e estilo

O tratamento persoal

Léxico

Vacilacións frecuentes

5.1 Contorno

Historia: A consciencia dun idioma de seu

A segunda metade do século XV é na historia de Galicia unha das etapas máis decadentes, xa que a súa posición de vencida nas disputas dinásticas da época faille padecer o control e sometemento por parte da liñaxe vencedora. No momento en que o frustramento á burguesía e clero galegos é sistemático aparecen os primeiros indicios da consciencia de pertencer a un grupo lingüístico definido e diferente do castelán. En 1480 tamén aparecen as primeiras normas que supeditan o galego á lingua de Castela.

que njnguun confrade da dita confradía quando se uer a canbear non posa falar njnguna lenguaje estranjera aynda que a sabea, saluo nosa lyngoage galega, ou Castellana

ORDENAMENTO DO GREMIO DOS CAMBEADORES DE SANTIAGO

Regulamento redactado en 1490 no que atopamos, entre moitas disposicións, a primeira regulamentación do uso institucional do galego e do castelán.

Lexislación: Competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística

DECRETO NO QUE SE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Artigo 13. Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

, correspóndelle exercer as competencias e funcións seguintes:

- Promover, impulsar e elaborar propostas legislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- Cooperar coa Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística e impulsar e coordinar as medidas de política lingüística dos departamentos da Xunta de Galicia mediante a achega do soporte técnico necesario.
- Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- Planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.
- Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía.

- Emitir informes dos proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os departamentos da Xunta de Galicia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- Establecer o marco metodolóxico de referencia e os plans e programas para o ensino do galego ás persoas adultas, de acordo coas directrices do Consello de Europa en materia de ensino de linguas.
- Colaborar co Consello de Europa e con outros organismos nacionais e internacionais en relación cos procesos para a defensa, a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas.
- Convocar e administrar as probas e expedir os certificados de coñecemento de galego.
- Convocar e administrar as probas e certificados de tradutoras e tradutores e de intérpretes xurados/as doutras linguas para o galego e viceversa, así como autorizar as habilitacións directas destes, cando procedan, e a súa inscrición no Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e Interpretación Xuradas doutras linguas para o galego e viceversa.
- Promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.

5.2 Gramática

O adxectivo determinado *dito -a*

Dito, -a, -os, -as e os seus sinónimos (*antedito, devandito, sobre-dito*) son un recurso que podemos empregar con valor anafórico (referidos a algo ou a alguén que se citou antes). Deste xeito, danlle unidade ao texto evitando repeticións. Para facer un uso correcto deles, teñen que ir precedidos obrigatoriamente dun artigo determinado e seguidos dun nome.

- × *A súa asistencia a dito acto causou abraio.*
- ✓ *A súa asistencia ao dito acto causou abraio.*
- × *Tomo esta decisión baseándome en devandita memoria.*
- ✓ *Tomo esta decisión baseándome na devandita memoria.*

⑨

5.3 Redacción e estilo

O tratamento persoal

Dúas das premisas da Administración moderna son a transparencia das actuacións e a proximidade coa cidadanía. Para conseguir estes obxectivos hai que cambiar a perspectiva desde a que se sitúan as comunicacións, comezando por:

- Identificar sempre a autoría do documento: cada comunicación ten un responsable, ademais da entidade, órgano ou unidade á que representa. Esta persoa consignará o seu nome, apelidos e cargo ou responsabilidade segundo o cal emite a comunicación.
- Empregar preferentemente a 1ª persoa do singular: é unha manifestación de responsabilidade sobre o acto que se executa (*informo, certifico...*).
- Tratar con respecto, pero sen veneración, a persoa destinataria. A manifestación de respecto da Administración e dos seus representantes ao dirixírense ás persoas exprésase co pronome *vostede*.
- Adaptar a comunicación ao xénero da persoa interlocutora.

Os cargos e as fórmulas arcaizantes

O uso de tratamentos é só unha cortesía que pode empregarse coa persoa destinataria do documento, con fórmulas como *señor/a* ou *don/a*, segundo acompañen o apelido ou o nome. A combinación das dúas é obsoleta.

- × *Sr. D. Xosé Luís Silva Fernández*
- ✓ *Sr. Silva Fernández | D. Xosé Luís Silva Fernández*

Calquera outra debe evitarse; máis adxectivos non van aumentar nin mellorar as consideracións cara á persoa interlocutora a quen nos diriximos. Se ocupa un cargo ao que se lle vincula un tratamento, facelo constar pode considerarse unha mostra de submisión desacorde cos valores democráticos e de igualdade que a Administración moderna defende.

O mesmo acontece con determinados verbos e expresións que proxectan unha imaxe clasista e de humillación do cidadán diante dos órganos administrativos ou ben entre profesionais de distintos niveis de responsabilidade dentro da Administración, impropia da sociedade en que vivimos:

- × *Prégolle a V.I. que atenda a miña solicitude de...*
- ✓ *Solicito que...*

Só no caso de documentos protocolarios, como os saúdos ou as invitacións, podemos engadirlle o tratamento ao cargo, non ao nome, antes de *Sr./a.*:

- × *...convida á Excm. Sra. dona Elvira da Ponte, presidenta da Xunta de Galicia...*
- ✓ *...convida a Excm. Sra. Presidenta da Xunta de Galicia, dona Elvira da Ponte.*

Na redacción dos documentos de xestión non se mantén, xa que recarga a escrita. Este criterio emprégase tamén nas referencias a persoas ou cargos distintos da persoa destinataria da comunicación.

Na elaboración de formularios destinados a uso externo non se emprega ningún tratamento, xa que non poden aplicárselles aos cidadáns as normas de estilo que determina para si a Administración.

Canto á grafía, debemos lembrar que as formas desenvolvidas dos tratamentos se escriben en minúscula; as abreviadas, incluído *vostede*, levan maiúscula inicial.

⑩ 10 - 13

5.4 Léxico

*apremio

- *apremio *s. m.*
- *vía de apremio *loc. s. f.*
- constrinximento *s. m.*
- prema *s. f.*
- vía de constrinximento *loc. s. f.*

Trátase dun castelanism léxico.

O galego xurídico e administrativo usa as formas *prema*, para o significado ‘orde xudicial que obriga a cumprir algunha disposición’ ou ‘recarga por demora no pagamento dun imposto’, ou *constrinximento*, co significado ‘procedemento ou conxunto de normas que determinan a execución dunha sentenza’.

O uso xurídico galego asumiu tamén como frase *vía de constrinximento* fronte á incorrecta **vía de apremio*.

- × *O xulgado dispuxo o apremio para executar a sentenza.*
- ✓ *O xulgado dispuxo a prema para executar a sentenza.*
- × *O apremio das dúas partes executadas tramitarase nun único xuízo.*
- ✓ *O constrinximento das dúas partes executadas tramitarase nun único xuízo.*

*asamblea

asamblea *s. f.*

A forma correcta en galego é *asamblea*, que constitúe unha adaptación máis axeitada da forma francesa de que procede, *assemblée*, e que asemade harmoniza coa solución da maioría das linguas románicas: *assembleia* (portugués), *assemblea* (catalán), *assemblea* (italiano), *assembly* (inglés).

- × *Na vindeira asamblea os membros da comisión aprobarán o orzamento.*
- ✓ *Na vindeira asamblea os membros da comisión aprobarán o orzamento.*

+celebrar

celebrar *v. t.*

celebrar unha vista
loc. v. t.

celebración dun xuízo
loc. s. f.

celebrar un contrato
loc. v. t.

O dicionario académico e a maioría das fontes lexicográficas galegas non acollen este verbo empregado coa acepción de ‘realizar ou ter lugar un acontecemento ou unha reunión’ cando esta non se reviste de ‘solemnidade’ ou non pode considerarse sinónima de ‘festexo’; neste caso é preferible recorrer a outros verbos acaídos para ese significado, como *realizar*, *ter lugar* ou *levar a cabo*.

- × *Os dous vogais asistiron á reunión que se celebrou o mércores pasado.*
- ✓ *Os dous vogais asistiron á reunión que tivo lugar o mércores pasado.*

No entanto, nos usos espontáneos da linguaxe xurídica galega a forma *celebrar* consolidou en certas frases, asociada sempre ás palabras *xuízo* ou *vista*: *celebrar unha vista*, *celebración (s. f.) dun xuízo*.

Non é recomendable o uso deste verbo para suplantar o significado común das formas *asinar*, *subscribir* ou *concluir*: ‘celebrar un contrato’ > *asinar* un contrato.

- × *No 2007 celebraron un novo contrato de arrendamento.*
- ✓ *No 2007 asinaron un novo contrato de arrendamento.*

*cesar

*cesar *v. i.*

*cese *s. m.*

cesamento *s. m.*

Na linguaxe administrativa espallouse o uso incorrecto deste verbo intransitivo ao se empregar erroneamente como transitivo en oracións como **O Goberno cesou o director xeral*.

No seu lugar cómpre usar outros verbos transitivos como *destituír*, *separar*, *relevar*, *depoñer* ou *despedir*: *O Goberno destituíu o director xeral*.

- × *O xefe de servizo será cesado a semana que vén.*
- ✓ *O xefe de servizo será destituído a semana que vén.*

Como intransitivo, este verbo debe ser usado co valor ‘deixar de desempeñar un cargo’ en oracións como *O decano cesou ao pouco tempo de tomar posesión*.

Con todo, nalgúns contextos como **Orde pola que se cesa a [...] como [...]* pode optarse por un xiro do tipo *Orde pola que se dispón que cese [...] como [...]*.

A forma estandarizada e recomendable do substantivo é *cesamento*.

O delegado provincial cesará por causas persoais.

Ao igual ca o seu verbo, só pode ser usado cando unha persoa dimite por vontade propia; cando a persoa é apartada dun cargo deberá empregarse *destitución*, *separación*, *relevo* ou *despedimento*.

Outras formas deverbais que tamén se forman co sufixo *-mento* son: *aboamento* (*aboo, *abono) *apuntamento* (*apunte), *cobramento* (cobro), *cruzamento* (*cruce), *derrubamento* (*derrube, *derrumbe), *despedimento* (despido), *despregamento* (*despregue) ou *pagamento* (pago).

O pleno do concello aprobou o cesamento da técnica de saúde.

O pleno do concello aprobou o despedimento da técnica de saúde.

O inspector presentou o seu cesamento ao ser nomeado conselleiro.

Módulo 6

Contorno

Sociolingüística: Lingua habitual en Galicia

Lexislación: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Gramática

O adxectivo identificador *presente*

Redacción e estilo

A concordancia

A ordenación sintáctica


Léxico

Vacilacións frecuentes

6.1 Contorno

Lingua habitual en Galicia

Dinos o Observatorio da Cultura Galega que, aproximadamente, entre os 25 e 35 anos se atopa a xeración máis castelanizada da nosa historia, e que entre os 30 e 40 anos a que en maior medida é monolingüe en castelán. Porén, os datos indican que os menores de 25 anos nos devolven as expectativas de recuperar o uso do galego e de reducir o nivel de monolingüismo en castelán.



ENQUISTA DE CONDICIÓNS E VIDA DAS FAMILIAS 2008. FONTE: IGE.
OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA

Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Título IV: Da actividade das administracións públicas

Cap. I 'Normas xerais'

Artigo 35. Dereitos dos cidadáns

[...]

d) A empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 36. Lingua dos procedementos

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. De concorreren varios interesados no procedemento e existir discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.

2. Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instrutora deberá traducir para o castelán os documentos, expedientes ou partes deles que deban producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente. Se deben producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.

6.2 Gramática

O adxectivo identificador *presente*

Na linguaxe xurídica galega úsase este adxectivo moi habitualmente, mais con atribucións que non lle son propias. Para que *presente* poida funcionar como un nome, debe ter o significado de ‘agasallo’, ‘que se atopa nun lugar á vista doutro’ ou ‘momento actual’:

Non é adecuado aceptar presentes nestas circunstancias.

Todos os presentes eloxiaron o labor da maxistrada nesta causa.

No presente calquera intervención precisa de máis dun funcionario.

Xa que logo, por si mesma a palabra *presente* non ten a capacidade de remitir a algo xa mencionado nin pode usarse como un substantivo «comodín», é dicir, substituto de calquera outro. Debe acompañar un nome:

× *Recibe a presente en presenza das seguintes testemuñas.*

✓ *Recibe a presente citación en presenza das seguintes testemuñas.*

Con todo, hai formas máis aconsellables de introducir referencias nun texto, como son empregar demostrativos, adxectivos ou léxico preciso:

× *Por medio da presente...*

× *Sírvase para asinar a presente para constancia.*

✓ *A través deste auto...*

✓ *Solicítolle que / Por favor, asine o documento achegado.*

× *Únase ao expediente a presente para...*

✓ *Únase ao expediente a seguinte solicitude para...*

6.3 Redacción e estilo

A concordancia

Coidar a relación entre os elementos da oración resulta necesario para unha axeitada aplicación do estándar culto da nosa lingua. Velaí a importancia da redacción meditada e da revisión dos textos.

As confusións ás que lles debemos prestar máis atención son as seguintes:

- De xénero ou de número, entre o nome e os seus modificadores:
 - × *O edicto e a citación entregada.*
 - ✓ *O edicto e a citación entregados.*
- De número, entre o complemento indirecto e o pronome pleonástico:
 - × *Requiríuselle a presentación de novos xustificantes aos representantes dos afectados.*
 - ✓ *Requiríuselles a presentación de novos xustificantes aos representantes dos afectados.*
- De número, entre o suxeito e o verbo:
 - × *A maioría emitiron un informe negativo da proposta de convenio.*
 - ✓ *A maioría emitiu un informe negativo da proposta de convenio.*

- De preposición, entre dous elementos dunha frase que necesitan empregar preposicións diferentes:

- × *Confío e acepto as medidas.*
- ✓ *Confío nas medidas e acéptoas.*

A ordenación sintáctica

Como norma xeral, a redacción xurídica debe procurar a orde máis lóxica dos elementos da oración: *suxeito + verbo + complementos*.

Se ademais empregamos frases curtas, en voz activa, e evitamos as subordinacións, estaremos aproximando a Administración á cidadanía a través dunha linguaxe máis clara, sinxela e precisa.

Por outra parte, mantendo acotío un estilo simple, poderemos transgredilo con efectos moi eficaces: cando alteramos a organización habitual das oracións, centramos a atención sobre o elemento que se move e convertémolo en foco da información.

- × *Que, mediante resolución do 20.01.2011, tomouse, entre outras, a seguinte decisión:*
- ✓ *Que se tomou a seguinte decisión mediante a resolución do 20.01.2011:*

6.4 Léxico

*cohecho

*cofeito *s. m.*
suborno *s. m.*

Tanto a forma castelá coma a forma hipergaleguizada non son formas válidas en galego.

O galego xurídico usa de seu para referirse ao delito tipificado no Código penal o cultismo *suborno*.

- × *Foi condenado por un delito de cofeito a unha funcionaria.*
- ✓ *Foi condenado por un delito de suborno a unha funcionaria.*

+contemplar

contemplar *v. t.*

Só debe ser usado en galego co significado tradicional 'mirar atentamente'.

Débese evitar o calco semántico do castelán 'prever unha circunstancia', que penetrou nas linguaxes xurídica e administrativa galegas.

Con este significado podemos valernos de formas coma *prever, recoller* ou *dispor*.

- × *O artigo 412.1 da Lei de axuízamento civil non contempla a posibilidade de mudar a demanda.*
- ✓ *O artigo 412.1 da Lei de axuízamento civil non prevé a posibilidade de mudar a demanda.*

+custo

*coste *s. m.*
*custe *s. m.*
custar *v. t.*
custas *s. f. pl.*
custo *s. m.*

A forma normativa é *custo*, formada a partir do verbo *custar*.

Na linguaxe xurídica, co significado de 'gasto orixinado nun procedemento', emprégase a forma *custas* (procesuais).

- × *As obras supuxeron un coste máis elevado do que se agardaba.*
- ✓ *As obras supuxeron un custo máis elevado do que se agardaba.*

+contía

cuantía *s. f.*
 contía *s. f.*

A forma estandarizada en galego é *contía*, amplamente documentada en textos antigos, malia admitirse o cultismo *cuantía*.

- ✓ *A cuantía final superou o orzamento proposto.*
- ✓ *A contía final superou o orzamento proposto.*

+cumprimentar

*cumplimentar *v. t.*
 consignar *v. t.*
 cubrir *v. t.*
 cumprimentar *v. t.*
 encher *v. t.*
 tramitar *v. t.*

Estas formas constitúen un calco semántico do castelán administrativo e non son admisibles no idioma galego co valor 'encher os datos nun formulario'.

Con este significado, o galego emprega habitualmente formas como *cubrir* ou *encher*.

- × *Deberá cumprimentar o formulario de inscrición cos seus datos.*
- ✓ *Deberá cubrir o formulario de inscrición cos seus datos.*

Noutros contextos específicos son máis acaídas outras formas verbais como *tramitar* ou *consignar*.

A Academia só acolle a forma *cumprimentar* co significado de 'tratar con cumprimentos'.

- × *A solitudine cumprimentarase de forma electrónica.*
- ✓ *Haberá de consignar os datos indicados.*
- ✓ *Ao saudalo cumprimentouno polo bo traballo que fixera.*

Módulo 7

Contorno

Sociolingüística: Usos lingüísticos da cidadanía
coa Administración

Lexislación: Decreto polo que se regulan as funcións e a
composición da Comisión de Toponimia

Gramática

A colocación do adxectivo: normas xerais

Redacción e estilo

Indicacións de lugar

Léxico

Vacilacións frecuentes

7.1 Contorno

Sociolingüística: Usos lingüísticos da cidadanía coa Administración

Os últimos datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística reflicten que o 56,4 % da poboación fala maioritariamente en galego. Cando se dirixen ás distintas administracións, tamén se expresan na nosa lingua, sempre ou case sempre, máis da metade (51,8 %) das galegas e dos galegos.

Persoas segundo a lingua que falan no ámbito social. Galicia. Ano 2008. Porcentaxes				
	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Amigos	40.4	15.8	16.2	27.6
Comerciantes	35.0	17.3	17.9	29.8
Médicos	33.6	15.7	17.1	33.6
Profesores dos seus fillos	28.6	15.9	17.9	37.6
Persoal da administración	34.7	17.1	17.0	31.2
Persoal da banca	35.3	15.0	16.4	33.3

ENQUISA DE CONDICIÓN DE VIDA DAS FAMILIAS 2008. FONTE: ICE

Lexislación: Decreto polo que se regulan as funcións da Comisión de Toponimia

Artigo 1º

A Comisión de Toponimia é o órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega e para as consultas que sexan necesarias para tal fin.

A Comisión de Toponimia, que presidirá o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, queda adscrita á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública, que lle prestará o apoio preciso para o desenvolvemento das súas funcións.

7.2 Gramática

A colocación do adxectivo: normas xerais

O adxectivo adoita acompañar o substantivo para delimitalo, achegándolle calidades que este non posúe. Esta función especificativa realízase pospoñéndose ao nome:

- × *En precedente escrito solicita ampliar a demanda.*
- ✓ *Nun escrito precedente solicita ampliar a demanda.*

Cando se antepón, a función non é a mesma; o adxectivo pasa a ter un emprego explicativo, indica calidades intrínsecas, xa coñecidas:

Cidadán afectado // Afectado cidadán
Acordo vinculante // Vinculante acordo

Antes do nome, tamén pode empregarse para destacar a característica que o adxectivo expresa. Non obstante, este é un recurso literario, pouco adecuado na linguaxe xurídica porque o que a Administración pretende ao delimitar un concepto con adxectivos é precisión e obxectividade.

- × *A adecuada solución*
- ✓ *A solución adecuada*

- × *O pertinente prazo*
- ✓ *O prazo pertinente*

- × *O considerable aumento*
- ✓ *O aumento considerable*

- × *As correspondentes alegacións*
- ✓ *As alegacións correspondentes*

7.3 Redacción e estilo

Indicacións de lugar

Os enderezos

As indicacións de enderezos deben seguir unha orde xerárquica, xa estandarizada, que facilita a interpretación por parte de quen xestione a recepción do documento (o servizo de correos, o rexistro da outra entidade...).

- No ámbito rural, a orde é: lugar, parroquia, código postal e concello, provincia.
- No ámbito urbano: rúa, número, andar e letra, código postal e concello, provincia.

Estes datos poden corresponder á identificación do emisor, do destinatario ou outras persoas ou entidades expresadas dentro do corpo do documento. En función disto, aparecerán distribuídos en liñas ou ben separados mediante comas.

- Na cabeceira:

<i>Nantón</i>	<i>Rúa dos Mártires de Carral, núm.</i>
<i>San Mamede de Monte</i>	<i>13, 5º A</i>
<i>15862 A Baña</i>	<i>27400 Monforte de Lemos</i>
<i>A Coruña</i>	<i>Lugo</i>

- No corpo do texto:

Notifíqueno en Nantón, San Mamede de Monte, 15862 A Baña, A Coruña.

Para os efectos de notificacións, o domicilio é rúa dos Mártires de Carral, núm. 13,5º A, 27400 Monforte de Lemos, Lugo.

- No peche:

RÚA DOS MÁRTIRES DE CARRAL, NÚM. 13, 5° A, 27400
MONFORTE DE LEMOS, LUGO

A última opción só é posible cando a comunicación se dirixe a outra Administración.

No caso dos formularios, debe terse a precaución de non empregar termos pechados, de xeito que os modelos sirvan tanto para o ámbito urbano (*rúa, praza, avenida...*) como para o rural (*lugar, parroquia...*). O máis aconsellable é unha fórmula xenérica como:

Con domicilio en: _____ Concello: _____

Provincia: _____

Os topónimos

Os topónimos son nomes propios que distinguen entidades de poboación. Á hora de empregarlos é importante non esquecer:

- Escríbense sempre coa denominación completa, sen abreviacións de ningún tipo.

× *V. de Arousa*

✓ *Vilagarcía de Arousa*

- O artigo forma parte do nome de lugar, daquela, escríbese tamén con maiúscula.

As Neves

- Os que levan artigo poden contraelo con varias preposicións:

Ás Pontes de García Rodríguez

Das Pontes de García Rodríguez

Nas Pontes de García Rodríguez

Polas Pontes de García Rodríguez

- Os topónimos galegos teñen como única forma oficial a galega, tamén cando escribimos noutro idioma. Para vermos a denominación oficial dos lugares de Galicia, dispoñemos do Nomenclátor de Galicia.
- Existen moitos topónimos estranxeiros que, por uso e vinculación coa nosa cultura, ou ben porque nos chegaron a través doutras linguas, adoptaron formas galeguizadas. Nese caso, empregamos a forma galega e acentuámola como tal: *Bos Aires, Milán...*
- Os nomes de lugar de nova incorporación escríbense respectando as formas de procedencia. De precisalo, podemos facer algunha adaptación, que non é o mesmo ca unha tradución, posto que consiste na acomodación doutras linguas á nosa pronuncia, grafía ou gramática: *Alacant, Moscova, Bruxelas...*
- Os topónimos menores que acompañan nomes propios de lugar habitualmente tradúcense:

praza da Ribeira

illas Sisargas

7.4 Léxico

*decomisar

*decomisar v. t.
*decomiso s. m.
comisar v. t.
comiso s. m.

Trátase dun castelanismo léxico.

O galego normativo acolle a voz culta *comisar*, que procede directamente do latín *commissum*.

Do mesmo xeito, a norma estandarizou o substantivo *comiso* en lugar da forma castelá **decomiso*.

- × *As autoridades decomisaron un cargamento de produtos químicos.*
- ✓ *As autoridades comisaron un cargamento de produtos químicos.*

+desenrolar

desenrolar v. t. e v. p.
desenrolo s. m.
desenvolvemento s. m.
desenvolver v. t. e p.

O verbo *desenrolar* só pode ser usado en galego co significado ‘desfacer un rolo’.

Na linguaxe administrativa constátase a miúdo o uso errado desta forma cos valores ‘realizar, ter lugar, producirse’ ou ‘medrar, expandirse’, que deben ser asumidos pola voz *desenvolver*.

- × *Non deron desenrolado un plan de actuacións asumible.*
- ✓ *Non deron desenvolto un plan de actuacións asumible.*

Coa mesma relación semántica e léxica, estas formas deron lugar en galego aos substantivos *desenvolvemento* (‘acción de desenvolver’) e *desenrolo* (‘acción de desenrolar’).

- × *O desenrolo económico viuse afectado o pasado ano.*
- ✓ *O desenvolvemento económico viuse afectado o pasado ano.*

+derrogar

*derogar v. t.
derrogar v. t.
derrogación s. f.
derrogatorio, -a adx.

A forma de uso na linguaxe xurídica galega é *derrogar*. Outras formas léxicas relacionadas son *derrogación* ou *derrogatorio*, -a.

- × *A nova reforma lexislativa derogará algúns artigos desa lei.*
- ✓ *A nova reforma lexislativa derrogará algúns artigos desa lei.*

+desafuizar

*desahuciar v. t.
desafuizamento s. m.

A forma tradicional galega é *desafuizar*, amplamente documentada dende o galego medieval. O seu substantivo deverbativo é *desafuizamento* (cast. *deshaucio*).

- × *A sentenza mandou desahuciar os inquilinos que non pagaran.*
- ✓ *A sentenza mandou desafuizar os inquilinos que non pagaran.*

cota

*cuota s. f.
*cupo s. m.
cabida s. f.
capacidade s. f.
cota s. f.

A forma tradicional galega é *cota*, solución patrimonial que procede do latín *quota*.

A forma *cupo* só enraizou no castelán.

En galego debemos usar calquera outra equivalente: *cota*, *capacidade*, *cabida* etc.

- × *Este ano subíronlles a cuota a todos os socios.*
- ✓ *Este ano subíronlles a cota a todos os socios.*

Módulo 8

Contorno

Sociolingüística: Actitudes cidadás e comportamento lingüístico da Administración de xustiza

Lexislación: Decreto que regula as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Gramática

A colocación do adxectivo: a construción *previo -a + substantivo*

Redacción e estilo

Indicacións de tempo


Léxico

Vacilacións frecuentes

8.1 Contorno

Sociolingüística: Actitudes cidadás e comportamento lingüístico da Administración de xustiza

A disposición maioritaria da cidadanía galega é favorable a un aumento do uso do galego en todos os ámbitos avaliados polo estudo de actitudes do Observatorio da Cultura Galega. No ámbito xudicial, así como nas notaría, rexistros da propiedade e avogacía, un 55% da poboación demanda unha maior presenza da nosa lingua, en consonancia co que reclaman para os ámbitos públicos en xeral.



AS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS EN GALICIA. AVANCE DE RESULTADOS. OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA, SETEMBRO DE 2010

Lexislación: Decreto que regula as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Artigo 13. Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

8.2 Gramática

A colocación do adxectivo: a construción *previo -a + substantivo*

Previo debe ser empregado na posición común dos adxectivos, é dicir, despois dun substantivo, coidando sempre respectar o seu significado: ‘anterior’.

Só se escoitarán as testemuñas con citación previa.

Pode interpoñer un recurso de alzada previo ao contencioso administrativo.

Existen expresións moi usuais no tecnolecto administrativo que incumpren pois as regras gramaticais, tanto na colocación do termo coma no seu significado.

- × *A decisión tomarase previo informe da Fiscalía.*
- ✓ *A decisión tomarase tras o informe / logo do informe da Fiscalía.*
- ✓ *A decisión require un informe previo da Fiscalía. Non se tomará unha decisión ata despois de recibilo.*

8.3 Redacción e estilo

Indicacións de tempo

As datacións

Esta é a forma en que se expresa a data dun documento: lugar, día, mes e ano. Canto a cuestións ortográficas, sinalamos:

- O lugar e o mes escríbense en letra, o día e o ano en números.

Fixémonos tamén en dous erros moi habituais: o mes non vai en maiúscula e o ano non separa os números con puntos.

- × *O Rosal, once de Agosto de 2.012*
- ✓ *O Rosal, 11 de agosto de 2012*

- Non comeza coa preposición *de* nin ningún outro elemento. Tampouco o día leva artigo nin a preposición *a*.
 - × *Dado en Viveiro, o 18 de novembro de 2012.*
 - ✓ *Viveiro, 18 de novembro de 2012.*

Canto á colocación, a data do documento xurídico vai habitualmente pechando a comunicación, é dicir, xusto despois do corpo e antes da sinatura. Pode alterar esta colocación en dúas situacións:

- No caso de que o documento conteña saúdo e despedida (por exemplo, a carta), pasa a situarse tras a sinatura.
- En certos documentos oficiais (actas, decretos, leis, escrituras públicas...) aínda convive a forma moderna coa máis arcaica, que se insire no corpo do documento. Neste caso, mantense a expresión escrita toda en letra e o nome do lugar vai precedido da fórmula *Dado en* ou *En* e o día con artigo.

De xeito distinto temos que tratar as indicacións de datas diferentes da do documento. Poden ir dentro do texto ou ben nalgún recadro, gráfico, formulario... pero sempre se expresan con números.

- A orde habitual é día, mes e ano, separados por puntos, barras ou guións, segundo esta orde de preferencia:

20.03.2010 20/03/2010 20-03-2010

Existe a posibilidade de escribir o mes con números romanos, pero non é frecuente. O que temos que coidar, en calquera caso, é que o ano se exprese coas catro cifras.



- Tamén podemos aplicarlle a orde que recomendan as normas ISO, especialmente se o documento se vai empregar no ámbito internacional:

2010.20.03 2010/20/03 2010-20-03

As horas

Na representación horaria, sexa con ou sen fraccións, temos que indicar as horas e os minutos. Para separalos podemos empregar un punto, o recomendable, ou dous:

Emprázoo para que compareza o 13.01.2012 ás 9.15 h / 9:15 h.

Unha opción máis formal é:

Emprázoo para que compareza o 13.01.2012 ás 9 h 15 min.

Pódese dividir o día en dúas metades de doce horas ou nunha de vinte e catro, que é o máis usual:

A reunión comezou ás 5 da tarde. // A reunión comezou ás 17 horas.

Nas indicacións dos horarios, as horas deben escribirse con cifras:

Horario de atención ao público: de 9.00 a 14.00 h

A acreditación efectuarase entre as 10.30 e as 11.30 h.

Cando se indica unha cantidade de tempo transcorrido ou por transcorrer, póñense en letras:

Permaneceu declarando máis de dúas horas.

Calculamos que para realizar este percorrido son necesarias cinco horas.

Para sinalar momentos concretos temos dúas posibilidades:

- Se a hora non ten fraccións podemos representala con letras ou cifras.

Deberá presentarse neste xulgado o día 11 deste mes ás 11.00 h.

Deberá presentarse neste xulgado o día 11 deste mes ás once horas.

- Se a hora é fraccionada só pode expresarse con cifras.

Deberá presentarse neste xulgado o día 11 deste mes ás 11.30 h.

Deberá presentarse neste xulgado o día 11 deste mes ás 11 h 30 min.

Os días

Debemos ter en conta que se escriben en minúscula e que non se aconsella abrevialos. Nos textos xurídicos preferimos as denominacións *luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado e domingo*; antes ca as tradicionais *feiras*.

Existe tamén unha locución que inicialmente servía para referirse ao día de redacción ou rexistro dun documento: *con data de...* Por calco do castelán faise un uso abusivo desta expresión que é recomendable substituír por outra máis simple: *o día...*

Os meses

Nos documentos oficiais só se deben empregar as denominacións de orixe romana, por máis que o galego conte con outros nomes populares. Agás no comezo de oración, hai que escribilos en minúscula sempre que vaian en letra:

✗ *Prevese a adxudicación para o mes de Santiago.*

✓ *Prevese a adxudicación para o mes de xullo.*

Nas datacións numéricas, poden escribirse con números arábigos ou romanos; separados do resto dos elementos por un punto, barra ou guión:

25.02.2012

25.II.2012

Para falar de períodos de varios meses temos as palabras: *bimestre*, *trimestre*, *cuadrimestre* e *semestre*.

Os anos

Escríbense case sempre con números, sen empregar puntos ou espazos entre as cifras e sen reducir. A excepción constitúea a escrita de períodos dentro dun mesmo século:

Cómpre revisar os certificados expedidos no período 2000-10.

Para falar de períodos de varios anos podemos empregar: *bienio*, *trienio*, *cuadrinio*, *quinquenio*...

① 14

8.4 Léxico

+dieta

axuda de custo *loc. s. f.*

A lexicografía normativa só considera esta forma co valor de uso convencional 'régime alimenticio'.

Debemos evitar este castelanismo cando suplanta a voz patrimonial *axuda de custo*, documentada xa en textos administrativos medievais e que asume o significado de uso moderno 'retribución extraordinaria por causa de traballo'.

- × *As dietas acumuladas por desprazamentos suman 120 €.*
- ✓ *As axudas de custo acumuladas por desprazamentos suman 120 €.*

*desglosar

- *desglosar *v. t.*
- *desglose *s. m.*
- desagregación *s. f.*
- desagregar *v. t.*

Trátase dun castelanismo léxico que penetrou na linguaxe administrativa galega.

A forma verbal proposta en galego é *desagregar*, aínda que tamén poden funcionar outras como *detallar*, *especificar*, *analizar*, *esmiuzar* etc.

- × *Deberán achegar unha memoria na que se desglosen todos os gastos orixinados.*
- ✓ *Deberán achegar unha memoria na que se desagreguen todos os gastos orixinados.*

Do mesmo xeito, a forma substantivada castelá debe ser mudada por *desagregación* ou calquera outra sinónima: *detalle*, *especificación*, *análise* etc.

- × *O desglose das cantidades evidenciou os erros no seu cálculo.*
- ✓ *A desagregación das cantidades evidenciou os erros no seu cálculo.*

*devengar

- *devengar *v. t.*
- *devengo *s. m.*
- devindicar *v. t.*
- devindicación *s. f.*

As propostas galegas para estas formas do castelán son as solucións cultas *devindicar* e *devindicación*.

- × *A débeda devengará un xuro do 10 %.*
- ✓ *A débeda devindicará un xuro do 10 %.*

*enaxenar

- *enaxenar *v. t. e v. p.*
- *enaxenación *s. f.*
- *enaxenado, -a. *adx.*
- alienación *s. f.*
- alienar *v. t. e p.*
- alleado, -a. *adx.*
- alienado, -a. *adx.*
- allear *v. t.*
- alleamento *s. m.*

Errada creación galega a partir da forma castelá *enaxenar*.

A forma válida en galego é *allear*. Tamén se admite o cultismo *alienar*.

En consecuencia, deben desbotarse, así mesmo, as formas derivadas *enaxenación* e *enaxenado*, -a, que deben ser mudadas polas formas propias: *alleamento* ou *alienación* e *alleado*, -a, ou *alienado*, -a.

- × *A Administración enaxenou o inmoble para ser dedicado a fins benéficos.*
- ✓ *A Administración alleou o inmoble para ser dedicado a fins benéficos.*

Na fraseoloxía de relación semántica as formas máis divulgadas son: *alleamento de bens* (cast. *enajenación de bienes*) e *alienación mental* (cast. *enajenación mental*).

- × *O xulgado ordenou a enaxenación dos bens embargados.*
- ✓ *O xulgado ordenou o alleamento dos bens embargados.*

+emprazar

emprazar v. t.
localizar v. t. e p.
situar v. t. e p.

Só é correcto o seu uso co significado 'citar a alguén nun tempo e lugar'. Non debe usarse como calco semántico do castelán para suplantar formas coma *situar* ou *localizar*.

- × *O novo edificio será emprazado nas aforas.*
- ✓ *O novo edificio será situado nas aforas.*

Módulo 9

Contorno

Sociolingüística: Comunicacións externas da Administración de xustiza

Lexislación: Lei de demarcación e planta xudicial e Lei reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal

Gramática

A omisión de elementos necesarios:

A conxunción *que*

O artigo

Redacción e estilo

As indicacións de cantidade

Léxico

Vacilacións frecuentes

9.1 Contorno

Sociolingüística: Comunicacións externas da Administración de xustiza

Segundo o Observatorio da Lingua Galega, o castelán é a lingua empregada maioritariamente nas comunicacións externas das salas do TSXG e das seccións das audiencias provinciais. Na atención presencial e telefónica o seu uso chega ao 68%. Nas mensaxes de correo electrónico a presenza do galego non chega nin ao 20%. Nos escritos a usuarios, institucións ou provedores... a situación é peor, os datos indícanos que só o 13,8% se emiten na nosa lingua.



SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE. OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA, 2007

Lexislación: Lei de demarcación e planta xudicial e Lei reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal

Título III: Das disposicións orgánicas para a efectividade da planta xudicial, cap. II “Constitución e establecemento da planta dos tribunais superiores de xustiza”

Artigo 32.5

Na provisión da praza do presidente do Tribunal Superior de Xustiza naquelas comunidades autónomas que gocen de dereito civil especial ou foral, así como de idioma oficial propio, o Consello Xeral do Poder Xudicial valorará como mérito a especialización neste territorio civil especial ou foral e o coñecemento do idioma propio da comunidade.

Artigo 64

Considéranse faltas leves:

A desatención ou desconsideración con cidadáns, institucións, xuíces e maxistrados, ante o pedimento de intervir nunha lingua cooficial, no caso en que se acredítase un coñecemento adecuado e suficiente como mérito.

9.2 Gramática

A omisión de elementos necesarios

A conxunción *que*

A conxunción *que* é invariable e emprégase para introducir información necesaria na comunicación. Os verbos de fala, sentido e coñecemento rexen a conxunción *que*; é dicir, precisan introducir a como nexo con outra oración para completar o seu sentido.

O demandante solicita que se execute a sentenza provisionalmente.

Declarou que non estaba de acordo co testemuño anterior.

Nos textos xurídicos é habitual a supresión de *que*, asociada a unha inadecuada economía lingüística. Prescindir deste elemento de forma inxustificada non axiliza o texto, senón que o converte en inintelixible para o destinatario:

- × *Ordeno fórmese peza separada.*
- ✓ *Ordénolle que se forme unha peza separada.*
- × *Este organismo considera debe acatar a decisión do tribunal.*
- ✓ *Este organismo considera que debe acadar a decisión do tribunal.*

O artigo

Coa supresión do artigo ocorre o mesmo ca no caso da conxunción *que*. Unha manifestación, verbal ou escrita, ao perder os seus elementos de cohesión limita a súa capacidade para comunicar.

- × *Foi presentada demanda.*
- ✓ *Presentou unha demanda. // Presentou a demanda.*

No caso das locucións e das frases feitas privamos a linguaxe xurídica galega das súas características propias para adoptar preséntamos innecesarios.

- × *En tempo e forma*
- ✓ *No tempo e na forma*

Lembremos tamén que cada elemento dunha enumeración vai acompañado por un artigo, o seu uso non é reiterativo:

- × *Condénoa ao pagamento dos gastos de protesto, xuros e custas.*
- ✓ *Condénoa ao pagamento dos gastos de protesto, dos xuros e das custas.*

E precede sempre os adxectivos *dito, mencionado, expresado, amentado, citado...*:

- A mencionada solicitude*
- A dita resolución*
- O citado artigo*

9.3 Redacción e estilo

As indicacións de cantidade

O recurso máis común para expresar cantidades nun documento xurídico son os numerais. Cómpre non esquecer as seguintes normas.

Os cardinais

Pódense expresar con cifras ou con letras. Nos documentos de carácter económico, aconséllase escribilos dos dous xeitos co fin de que a letra explique o número.

Adxudícase pola cantidade de 12 335 € (doce mil trescentos trinta e cinco euros).

No caso de empregar letras hai que lembrar que a partir de *vinte e un* se escriben separados:

*vinte e nove
corenta e dous
oitenta e sete...*

Escríbense con cifras cando:

- Son cantidades superiores a 9 ou posúen decimais.
- Indican operacións, fórmulas científicas ou datos contables. Dentro de táboas, os enteiros poden escribirse de dous xeitos: 317 € / 317,00 €. Nunha redacción non é posible o segundo porque entorpece a lectura.
- Expresan unidades dun sistema seguidas do seu símbolo: 30 m, 200 km, 8 l.
- Indican operacións ou fórmulas científicas.
- Son datas e van no corpo do documento.
- Corresponden a prezos, habitantes, apartados, páxinas, domicilios, artigos de textos legais...
- Van despois dun substantivo modificándoo: *andar 3*.

Escríbense con letras cando:

- Son cantidades inferiores ou iguais a 9. A excepción de listas, datas, unidades dun sistema se van acompañadas do símbolo e cando fan referencia a si mesmos:

3 copias do proxecto, 1 certificado de estar ao corrente de pagamentos coa Seguridade Social e 1 fotocopia do DNI.

A técnica localizou restos da estrutura danada a 1 km de distancia.

Ábrese a plica correspondente ao solicitante número 6.

- Son cantidades aproximadas:
Irromperon na sala uns corenta veciños desconformes.
- Expresan duración temporal:
Hai tres días que se publicou a circular informativa.
- Encabezan un título, un parágrafo ou unha oración.

Os ordinais

Escríbense con cifras cando:

- Serven para organizar un texto legal: artigos, apartados...

Escríbense con letras cando:

- Expresan conceptos abstractos:
Presentou a iniciativa por terceira vez neste ano.
- Indican números de congresos, reunións:
Tivo lugar o Quinto Encontro Galego de Técnicos/las de Xestión Ambiental.

9.4 Léxico

*encauzar

*encauzar *v. t.*
 encamiñar *v. t.*
 encarreirar *v. t.*
 dirixir *v. t.*

Trátase dunha forma castelá formada sobre o substantivo *cauce*, que non se deu no galego.

Co significado de 'dirixir por bo camiño un asunto ou unha discusión' pódense usar voces galegas como *canalizar*, *encamiñar*, *encarreirar* ou *dirixir*.

- × *Interveu para encauzar o debate cara ao seu punto de interese.*
- ✓ *Interveu para canalizar o debate cara ao seu punto de interese.*

*entorno

*entorno *s. m.*
 contorno *s. m.*

Esta forma castelá debe ser mudada pola galega *contorno*.

Nalgúns contextos poden ser máis acaídas outras solucións galegas como *ambiente*, *medio*, *contexto* ou *ámbito*.

- × *O proxecto da obra incluía un informe do entorno do inmoble.*
- ✓ *O proxecto da obra incluía un informe do contorno do inmoble.*

emendar

*emendar *v. t.*
 *emenda *s. f.*
 emendar *v. t.*
 sanear *v. t.*

Do latín *emendare* o galego conserva a forma etimolóxica *emendar*, que é a solución máis harmónica coas demais linguas: *emenda* (portugués), *esmena* (catalán), *amendement* (francés), *emendamento* (italiano), *amendment* (inglés).

Só a forma castelán creou un *-n-* antietimolóxico na sílaba inicial por falsa analogía co prefixo *en-* noutros vocábulos.

O substantivo correspondente é *emenda*.

- × *Ofrecémoslle un prazo de 15 días para emendar os erros indicados.*
- ✓ *Ofrecémoslle un prazo de 15 días para emendar os erros.*
- × *Non tiveron en conta a emenda á nova lei de saúde*
- ✓ *Non tiveron en conta a emenda á nova lei de saúde.*

*financiación

*financiación *s. f.*
 *finanzamento *s. m.*
 *financeiro, -a *adx.*
 financeiro, -a *adx.*
 financiamento *s. m.*
 financiar *v. t.*
 finanza *s. f.*

Son formas incorrectas no estándar galego.

En galego o verbo *financiar* produciu por derivación a forma substantiva *financiamento*.

Sobre o substantivo *finanza* formouse o adxectivo *financeiro*, -a.

- × *A execución do plan estratéxico require unha maior financiación.*
- ✓ *A execución do plan estratéxico require un maior financiamento.*

*entablar

*entablar *v. t.*
 entaboar *v. t.*
 promover un recurso
loc. v. t.

A forma galega equivalente deste verbo castelán é *entaboar*, que unicamente se pode empregar co valor 'cubrir con táboas'.

Porén, debemos prescindir do calco semántico castelán que asume o valor de 'iniciar un asunto'.

Con este valor podemos usar calquera verbo de uso común na nosa lingua: *iniciar*, *comezar*, *principiar*, *promover* etc.

No caso da frase castelá *entablar un recurso*, o galego acostuma usar *promover un recurso*.

- × *Os sindicatos entabaron negociacións para solucionar os problemas laborais.*
- ✓ *Os sindicatos iniciaron negociacións para solucionar os problemas laborais.*

+axuizar

*enuciar *v. t.*
 *enuizar *v. t.*
 *enuizamento *s. m.*
 axuizamento *s. m.*
 axuizar *v. t.*
 xulgar *v. t.*

En galego o verbo que se forma a partir do substantivo xuízo é *axuizar*, que asume o significado propio da linguaxe xurídica 'someter á decisión dun tribunal'.

Da mesma familia léxica é o substantivo *axuizamento* (**enuizamento*).

Cómpre indicar que esta forma verbal tamén comparte significado coa común *xulgar*.

- × *A fiscalía decidiu enxuízalo por un delito de corrupción.*
- ✓ *A fiscalía decidiu axuizalo por un delito de corrupción.*

Módulo 10

Contorno

Sociolingüística: Documentación interna na Administración de xustiza

Lexislación: Convenio marco entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía Xeral do Estado

Gramática

O indefinido na dobre negación

Redacción e estilo

As construcións absolutas: o participio e o xerundio

As abreviacións


Léxico

Vacilacións frecuentes

10.1 Contorno

Sociolingüística: Documentación interna da Administración de xustiza

Nas comunicacións escritas de carácter interno producidas nas salas do TSXG e nas seccións das audiencias provinciais, o emprego do galego é moi reducido, en especial nas aplicacións informáticas, nas que apenas chega ao 4%. Nos demais elementos considerados polo Observatorio da Lingua galega só se supera minimamente o 20% nos formularios impresos e na memoria anual.



SITUACIÓN DA LINGUA NA SOCIEDADE. OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA, 2007

Lexislación: Convenio marco entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía Xeral do Estado

Segundo

Como compromiso das obrigas derivadas da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, a Fiscalía asumirá a realización das seguintes accións:

- Organizar cursos de linguaxe xurídica galega para o cadro de persoal da Fiscalía en Galicia ou para o persoal galego que traballe fóra da comunidade autónoma.
- Elaborar as publicacións necesarias para a súa difusión entre o funcionariado de Galicia.
- Impulsar, mediante campañas de difusión e sensibilización, o uso progresivo do galego entre os funcionarios e funcionarias da Fiscalía en Galicia.
- Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio do funcionariado que o empregue.
- Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego dos/as funcionarios/as da Fiscalía.
- Utilizar a lingua galega nos indicadores interiores e exteriores das súas dependencias en Galicia.
- Impulsar o uso de galego nas comunicacións internas e externas, sexa cal sexa a súa natureza e sempre que teña por destinatario calquera punto de Galicia, así como nas relacións internas e soportes de comunicación co seu persoal.
- Introducir o galego como lingua normal de traballo, nas oficinas de atención ao público, nas relacións coa cidadanía, nos documentos e nos trámites administrativos, respectando sempre a opción que o/a usuario/a ten de ser atendido/a en castelán.

10.2 Gramática

O indefinido na dobre negación

Nas frases negativas en que precisemos dos indefinidos, debemos recorrer a *ninguén*, *ningún*, *ningunha* ou *ningures*, diante ou detrás do nome. É o que se denomina dobre negación, característico da lingua galega.

- × *Non existe apoio legal algún.*
- ✓ *Non existe apoio legal ningún.*
- × *O prazo de execución non permite demora algunha.*
- ✓ *O prazo de execución non permite ningunha demora.*

10.3 Redacción e estilo

As construcións absolutas

O participio

A diferenza da maioría das formas verbais, o participio non se conxuga, varía en xénero e número e acompaña os nomes, igual que acontece cos adxectivos.

A maiores, mantén no seu significado un matiz temporal que nos permite empregalo para expresar unha «acción rematada». Non é o uso máis xeral, pero os textos xurídicos abusan del en detrimento das formas conxugadas.

Unha recomendación para modernizar a linguaxe xurídica e aproximala á lingua común consiste en racionalizar o uso dos participios, substituíndoos por oracións co verbo conxugado:

- × *Visto o informe técnico sobre a ilegalidade da vertedura...*
- ✓ *Logo de ver o informe técnico sobre a ilegalidade da vertedura...*
- × *Oídas as partes...*
- ✓ *Logo de oír as partes*

O xerundio

Co xerundio acontece algo similar ao participio. É unha forma que non se conxuga pero que conserva aínda así certos valores temporais.

Cómpre evitarmos o abuso desta forma non persoal no comezo do parágrafo xa que a miúdo provoca unha subordinación excesiva e aletarga a aparición do verbo principal.

- × *Abríndose un prazo de reclamacións á listaxe provisional e non producíndose ningunha no prazo estipulado acordouse confirmar a listaxe provisional como definitiva.*
- ✓ *Acordouse confirmar a listaxe provisional como definitiva, xa que non se presentou ningunha reclamación no prazo estipulado.*

Ben utilizado:

- O xerundio presenta unha acción en progreso e simultánea á do verbo principal:

Revisando o informe pericial, confirmamos que existían desperfectos previos á catástrofe.

- E tamén expresa unha acción anterior a outra:

Entregando a documentación acreditativa que se lle demanda, quedará corrixida a anomalía.

Con todo, o xerundio é unha forma arcaizante, que complica a redacción e provoca moita ambigüidade. É preferible empregar formas verbais conxugadas, na procura de claridade e sinxeleza.

As abreviacións

Na escrita empregamos as abreviacións como un procedemento de economía lingüística e para evitar repeticións. Consisten na representación de sintagmas longos con formas máis breves, que son facilmente recoñecibles ou deducibles polo lector. Existen catro tipos: abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.

Abreviaturas

Podemos abreviar palabras ou frases, nomes comúns ou propios, verbos, preposicións... O que non se abrevia son os topónimos.

× *Stgo. de Compostela* ✓ *Santiago de Compostela*

× *V. do Bolo* ✓ *Viana do Bolo*

Outra das súas características é que son de libre creación, pero o máis operativo é empregar, sempre que se poida, as que están máis estendidas e fixadas polo uso:

teléfono > *tfn.* / *tel.*

Estas dúas abreviaturas cumpren coas normas de formación e posiblemente non sexan as únicas opcións. Non obstante, escollemos a primeira por operatividade: é máis coñecida, daquela é máis fácil de interpretar.

Por outra parte, a creación discrecional non significa que podamos abusar delas. Se precisamos crear unha nova, debemos valorar que a redución compense, en tempo e en espazo:

rúa > *r/*

Neste caso, abreviar supón pasar de catro a dúas pulsacións. Cuantitativamente, a mudanza é moi pequena pero, cualitativamente, pasamos de ler a interpretar. O esforzo non é proporcional ao aforro e, en consecuencia, optamos por non abreviar esta palabra.

A propósito de como se crean, debemos lembrar algunhas indicacións:

- Fórmanse cunha letra ou con varias da(s) palabra(s) que se quere(n) reducir. Adoita(n) ser a(s) primeira(s), aínda que tamén poden recoller as letras finais da palabra:

páx. > *páxina* *núm.* > *número* *v. e pr.* > *visto e prace*
art. > *artigo* *exp.* > *expediente* *p. o.* > *por orde*

Salvo excepcións fixadas polo uso (*1°*), evítanse as letras en superíndice.

- Rematan sempre nun punto, agás as grafadas con barra ou letra voada: *s/n*, *c/c*, *D^a* etc.
- A inicial da abreviatura gráfase con maiúscula ou minúscula segundo a leve ou non a palabra que abrevia.

Escola Galega de Administración Pública
Avda/ de Madrid, núm. 3
15705 Santiago de Compostela

Envíeno á avda/ de Madrid, núm. 3.

- Non obstante, as abreviaturas dos tratamentos escríbense con maiúscula e obríganlle ao nome ao que acompañan a facelo.

Ilma. Sra. Decana do Colexio de Arquitectos

- Admiten o morfema de plural, se a palabra que representan tamén o permite. Cando a abreviatura a forman varias letras, abonda con engadir *s*. Se se abrevia cada palabra nunha soa

letra, o plural fórmase duplicando as iniciais ou é invariable.

dtos. > *dereitos* *u.* > *unidade / unidades*

- Conservan a vogal con til como parte do acurtamento.

máx. > *máximo* *admón.* > *administración*

- Lense como a forma plena que representan.

As abreviaturas son un bo recurso para evitar a repetición de palabras necesarias, pero esaxerar a súa presenza entorpece a lectura; por este motivo, non se recomentan en textos corridos. Poden aparecer na cabeceira e no peche do documento, mais non deberan intercalarse no corpo.

«Non se deuen escriuir por abreuaduras,
mas por palabras cumpridas.»

(Afonso X, *Partidas*)

As siglas

Ao igual ca o resto das abreviacións, as siglas substitúen, por un criterio de economía lingüística, sintagmas con significado completo. Tendo en conta que poden abreviar longas expresións, resultan moi útiles; pero non debemos esquecer que ata as máis usuais para quen redacta poden ser descoñecidas para o seu interlocutor. Por isto, antes de usalas por primeira vez nun texto debemos desenvolver a forma plena e a continuación, entre parénteses, representar a sigla:

Isto está tipificado como infracción leve, segundo a Lei de ordenación de transportes terrestres (LOTT).

A técnica pola que se crean as siglas consiste na xustaposición das iniciais en maiúscula das palabras plenas dun enunciado: *DNI, IVE, EGAP* etc.

Nalgunhas ocasións inclúense tamén as iniciais de elementos ac-

cesorios (preposicións, conxuncións e artigos) que favorecen a lectura e que se escriben en minúscula: *PSdG*.

Aínda que non haxa unificación internacional á hora de estableceras, cada idioma ten un corpus establecido por consenso e por tradición que debe ser respectado.

Outras consideracións:

- As siglas teñen o xénero do substantivo principal do sintagma ou o do seu referente.

a RAG (academia) *o AVE (o tren)*

- Nunca levan puntos entre as letras e tampouco teñen morfe-
ma de plural. Só flexionan os determinantes que os acompañan: *os DOG, as UTE...*
- A lectura debe facerse soletreando, no caso das consonánticas, ou silabando, se se trata de silábicas que inclúen vogal.

<i>Consonánticas</i>	<i>Silábicas</i>
<i>IPC</i>	<i>BOP</i>
<i>TVG</i>	<i>ESO</i>
<i>TSXG</i>	<i>IBI</i>

- Non se grafan en cursiva aínda que a forma plena si o fixese:

Figura no Diario Oficial de Galicia > *Figura no DOG*

- O uso fixo que en ocasións as siglas se lexicalizasen dando lugar a novos substantivos comúns: *peme, ovni, ong...*

Os acrónimos

Son formacións creadas polo acurtamento doutras palabras que deben permitir sempre unha lectura silabada. É dicir, toman máis

letras ca as iniciais das palabras das que proceden: *motel* < *motor* *hotel*.

Características:

- Na formación do plural compórtanse coma un substantivo: *os moteis*.
- O xénero condiciónao a palabra inicial do sintagma ou o referente: *a Fegamp*.
- Representáanse con inicial en maiúscula, se son nomes propios, e en minúscula se son nomes comúns: *Igape*, *Unesco*, *Inem*, *radar*.

Os símbolos

Estas abreviacións están fixadas no ámbito internacional e acurtan unidades relacionadas cos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía.

Canto á súa formación, escapan ás normas de creación do resto das abreviaturas:

- Non levan puntos entre as letras nin ao final.
- Non admiten forma plural nin cambio de xénero.
- Poden mesturar maiúsculas e minúsculas.
- Escríbense sempre con letra redonda, separados por un espazo da unidade coa que van. Non poden separarse desta no final de liña.

En conclusión, son convencións aceptadas tal como se propoñen e non permiten modificacións: *m*, *€*, *h*, *pH* etc.

10.4 Léxico

*interesar

En galego este verbo debe usarse soamente co valor orixinario 'suscitar interese'. Ha de evitarse o seu uso cando suplanta o significado propio da forma *solicitar* por tratarse dun calco semántico do castelán xurídico.

- × *A parte actora interesou que se adoptasen medidas cautelares.*
- ✓ *A parte demandante solicitou que se adoptasen medidas cautelares.*

*finca

*finca *s. f.*
leira *s. f.*
predio *s. m.*
soar *s. m.*
terreo *s. m.*
terreo edificable
loc. s. m.

Trátase dun castelanismo léxico.

Co valor de 'terreo para cultivar', son formas propias do galego *leira* ou *terreo*; co valor de 'terreo para construír' débense usar *soar* (cast. *solar*) ou *terreo edificable*.

Na linguaxe xurídica o campo semántico destas formas conflúe por veces co emprego da forma *predio*; debe terse en conta que este cultismo ten o valor 'terra ou posesión inmoble'.

- × *A finca linda polo leste cun camiño.*
- ✓ *A leira linda polo leste cun camiño.*
- ✓ *Posúe numerosos predios: 3 casas, 34 leiras, 15 soares e 8 pisos.*

*interés

*interés *s. m.*
interese *s. m.*
xuro *s. m.*

O castelanismo **interés* debe ser mudado en galego pola forma *interese* (que conserva o *-e* final etimolóxico da procedencia latina *interesse*) cando esa voz asume os valores 'actitude de ánimo cara a algo' ou 'beneficio ou ganancia'.

- × *As axudas anunciadas suscitaron grande interés.*
- ✓ *As axudas anunciadas suscitaron grande interese.*

Non obstante, co valor de 'rédito dun capital' o galego usa a forma propia *xuro*, voz dialectal recuperada para o uso formal.

- × *Deberá aboar a cantidade principal e mais os intereses correspondentes.*
- ✓ *Deberá aboar a cantidade principal e mais os xuros correspondentes.*

+ostentar

ostentar *v. t.*
 exercer *v. t.*
 desempeñar *v. t.*
 posuír *v. t.*
 ter *v. t.*

Este verbo só debe ser usado co valor 'amosar con claridade ou xactancia'.

Cómpre evitar o calco semántico castelán co valor 'desempeñar ou ter', hoxe frecuente nas linguaxes administrativa e xurídica.

Con ese significado podemos utilizar formas propias como *exercer*, *desempeñar* ou *posuír*.

- × *Durante uns anos ostentou o cargo de presidente na sala social.*
- ✓ *Durante uns anos exerceu o cargo de presidente da sala social.*

***invertir**

*inversionista *s.*
 e *adx.*
 *invertir *v. t.*
 inversión *s. f.*
 inversor, -a *s.* e
adx.
 inverter *v. t.*
 investidor, -a *s.*
 e *adx.*
 investimento *s. m.*
 investir *v. t.*

A forma correcta é *inverter*, coa terminación etimolóxica (lat. *invertere*), sempre usada co significado 'darlle a volta a algo'.

Non se debe confundir coa outra forma galega *investir* (lat. *investire*) que asumiu o valor de 'empregar capital ou esforzos en algo'.

- × *O departamento económico invertirá o dobre en novas tecnoloxías.*
- ✓ *O departamento económico investirá o dobre en novas tecnoloxías.*

A esta última familia semántica pertencen as formas léxicas derivadas *investimento* (cast. *inversión*) e *investidor*, -a (cast. *inversor*; -a ou *inversionista*).

- × *A inversión nese proxecto non resultou beneficiosa.*
- ✓ *O investimento nese proxecto non resultou beneficioso.*

***personarse**

*persoarse *v. p.*
 *personarse *v. p.*
 comparecer *v. i.*
 constituírse en parte
loc. v. p.
 presentarse *v. p.*

Trátase dunha base léxica castelá que non ten correspondencia análoga noutros idiomas.

Co valor común de 'presentarse nun lugar' podemos usar as formas *presentarse* ou *comparecer*.

- × *Deberá persoarse nesta consellería para recoller a copia do expediente.*
- ✓ *Deberá presentarse nesta consellería para recoller a copia do expediente.*

Como termo do eido do dereito, a linguaxe xurídica galega adoptou a unidade fraseolóxica *constituírse en parte*.

- × *A empresa construtora personouse no proceso xudicial.*
- ✓ *A empresa construtora constituíuse en parte no proceso xudicial.*

Módulo II

Contorno

Sociolingüística: Comunicación oral na Administración de xustiza

Lexislación: Carta dos dereitos dos cidadáns ante a xustiza

Gramática

O uso de pronomes de acusativo e de dativo
cos verbos da Administración

Redacción e estilo

O circunloquio

A nominalización


Léxico

Vacilacións frecuentes

II.1 Contorno

Sociolingüística: Comunicación oral na Administración de xustiza

O galego emprégase nas comunicacións orais entre subalternos nun 37,3% mentres que os datos do Observatorio da lingua galega nos indican que o seu uso diminúe moito entre o persoal técnico e o administrativo. As persoas que menos o utilizan son as que teñen un cargo máis elevado dentro das salas e seccións: xuíces/as, letrados/as, fiscais e secretaríos/as.



SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE. OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA 2007
BASE: UNIDADES ADMINISTRATIVAS DA XUNTA DE GALICIA

Lexislación: Carta dos dereitos dos cidadáns ante a xustiza

5 O/A cidadán/á ten dereito a que as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos conteñan termos sinxelos e comprensibles, e evitárase o uso de elementos intimidatorios innecesarios.

6 O/A cidadán/á ten dereito a que nas vistas e comparecencias se utilice unha linguaxe que, respectando as esixencias técnicas necesarias, resulte comprensible para os cidadáns que non sexan especialistas en dereito.

Os xuíces e maxistrados que dirixan os actos procesuais velarán pola salvagarda deste dereito.

7 O/A cidadán/á ten dereito a que as sentenzas e demais resolucións xudiciais se redacten de tal forma que sexan comprensibles polos seus destinatarios, empregando unha sintaxe e estrutura sinxelas, sen prexuízo do seu rigor técnico.

Deberase facilitar especialmente o exercicio destes dereitos naqueles procedementos en que non sexa obrigatoria a intervención de avogado e procurador.

[...]

16 O/A cidadán/á ten dereito a utilizar coa Administración de xustiza do territorio da súa comunidade a lingua oficial que escollo, e a ser atendido nos termos establecidos pola Lei orgánica do poder xudicial, os estatutos de autonomía e as súas normas de desenvolvemento.

II.2 Gramática

O uso dos pronomes de acusativo e de dativo cos verbos da Administración

O pronome de complemento directo, na súa terceira persoa e na segunda de respecto, que son as apropiadas nas comunicacións administrativas, ten tres formas posibles, segundo se sitúe antes ou detrás do verbo:

O/LO/NO A/LA/NA OS/LOS/NOS AS/LAS/NAS

Poñelos de acordo non resultou doado.

Citouno para as 12:30 h.

Non a van convocar ata esta tarde.

O de complemento indirecto é: *LLE / LLES*

Por favor, entrégalle esta copia á persoa que o solicitou.

Como afectados neste proceso, remítolles unha copia das alegacións.

As confusións á hora de empregalos correctamente teñen que ver en moitas ocasións co traslado dos usos do castelán ao galego. Para evitalo, é bo ter en conta:

- A maioría dos verbos galegos son transitivos, é dicir, acompañaos un complemento directo:

Recolleuno na porta da entrada e acompañouno ao rexistro.

- Se estes verbos levan un complemento indirecto de persoa, é que levan tamén un complemento directo:

Recolleulle a solicitude cinco minutos antes de pechar o rexistro.

Facer estas comprobacións permitiranos resolver a maioría das dúbidas sobre cal é a forma adecuada. *Citar, advertir, requirir, informar, empraazar, convocar, invitar, notificar...* son algúns dos verbos frecuentes cos que se cometen erros de gravidade á hora de sumarlles os pronomes.

× *Declaroulle non apto para asumir a titoría legal dos rapaces.*

✓ *Declarouno non apto para asumir a titoría legal dos rapaces.*

✓ *Declaroulle ilegal a venda dos inmobles. Terá que tramitala de novo.*

II.3 Redacción e estilo

O circunloquio

Unha das tendencias da linguaxe xurídica que a converte nunha lingua arrevesada e escura para a cidadanía que se enfronta a ela consiste en empregar circunloquios. É dicir, explicar con moitas palabras o que podería dicirse con menos.

A Administración fixo disto un trazo de estilo durante moito tempo, o que probou o convencemento de que estabamos diante de léxico técnico específico. Nada máis lonxe, podemos comprobar que todas estas estruturas teñen correlatos claros na lingua común.

Unha das máis frecuentes é a constituída por un verbo baleiro de significado e un substantivo, que é o que os fornece da carga semántica. Ás veces están unidos por unha preposición:

× *conceder a aprobación · dar aviso · dar comezo · dispoñer a anulación · facer entrega · facer público · facer uso da palabra · facer uso das instalacións · poñer de manifesto · poñer en coñecemento · proceder á apertura do sobre · proceder á celebración · proceder á clausura do local · proceder á elección · proceder á identificación do cadáver · proceder á publicación · proceder á sanción · proceder á sinatura do acordo · proceder ao establecemento · realizar o aboamento · tomar parte*

✓ *aprobar · avisar · comezar · anular · entregar · publicar · falar · usar as instalacións · manifestar · comunicar · abrir o sobre · celebrar · clausurar o local · elixir · identificar o cadáver · publicar · sancionar · asinar o acordo · establecer · aboar · participar*

Outras veces trátase de locucións que poden substituírse por outras máis lexibles:

á atención de · a título de · co fin de, a fin de · co obxecto de · con excepción de · de agora en diante · de conformidade con · en aplicación de · en atención a · en calidade de · en data do xxx de xxx de xxx · en materia de · en todo caso · en virtude de · independentemente de · na súa condición de

✓ *para · como · para · para · agás · en diante · conforme, consonte · aplicando, conforme con · por · como · o xxx de xxx de xxx · sobre · sempre · como, consonte · alén de · como*

①16

A nominalización

É característica da linguaxe xurídica tradicional o uso continuado de frases nominais en contextos nos que poderían empregarse tamén formas verbais. Aínda que as dúas opcións son correctas a nivel gramatical, debe equilibrarse a utilización das dúas fór-

mulas de cara a alixeirar as expresións e darlle máis fluidez á comunicación escrita.

× *A cuestión exposta no expediente é a improcedencia da vía de constrinximento pola existencia dunha solicitude de taxación pericial contraditoria coa suspensión.*

✓ *Exponse no expediente que non procede a vía de constrinximento porque se solicitou unha taxación pericial contraditoria coa suspensión.*

①17

II.4 Léxico

*plantilla

*plantilla *s. f.*
cadro de persoal
loc. s. m.
modelo *s. m.*
patrón *s. m.*
persoal *s. m.*

Trátase dun castelanismos léxico.

A forma estandarizada é usada acotío na linguaxe administrativa é *cadro de persoal*, solución harmónica co portugués *quadro de pessoal*.

Emporiso, na linguaxe común prefírese usar a forma simple *persoal*.

Co significado ‘patrón para reproducir’ pode usarse *modelo* ou *patrón*.

× *A empresa decidiu incrementar a súa plantilla para elevar a súa produtividade.*

✓ *A empresa decidiu incrementar o seu cadro de persoal para elevar a súa produtividade.*

+ratear

*prorratar *v. t.*
*prorrata *s. f.*
ratear *v. t.*
rateo *s. m.*

A partir da locución latina (*a*) *pro rata*, a forma estandarizada deste verbo en galego é *ratear*.

Consecuentemente, a forma do substantivo é *rateo* (cast. *prorrata*).

× *A partir deste ano a súa paga extraordinaria será prorrateada.*

✓ *A partir deste ano a súa paga extraordinaria será rateada.*

+prexuízo

- *perxudicar v. t.
- *perxuízo/-cio s. m.
- *perxudicial adx.
- danos e perdas
- loc. s. m.pl.
- danos e prexuízos
- loc. s. m.pl.

prexudicado, -a s. e adx.
 prexudicar v. t.
 prexudicial adx.
 prexuízo s. m.

A forma estandarizada galega deste verbo é *prexudicar*, que conserva o prefixo latino *pre-* (lat. *praeiudicare*).

En galego asume dous valores: ‘xuízo previo’ e ‘perda dun ben ou dunha vantaxe’.

- × *As modificacións do proxecto poden perxudicar os prazos de execución.*
- ✓ *As modificacións do proxecto poden prexudicar os prazos de execución.*

Nos derivados da súa familia léxica mantense a mesma partícula prefixada: *prexuízo*, *prexudicial*, *prexudicado*, -a.

En relación con esta forma, cómpre aclarar que o termo fraseolóxico empregado na linguaxe xurídica galega é *danos e perdas*, amplamente documentado nos textos medievais.

Xa que logo, debemos evitar o uso do calco léxico castelán **danos e prexuízos*.

- × *Na demanda solicitou unha indemnización por danos e prexuízos.*
- ✓ *Na demanda solicitou unha indemnización por danos e perdas.*

*ponencia

- *ponencia s. f.
- *poñencia s. f.
- *ponente s.
- *poñente s.
- relator -a s.
- relatorio s. m.

Non se admite o uso desta forma castelá co valor ‘exposición minuciosa que se somete a exame’.

A proposta académica é *relatorio*.

Na mesma familia léxica atopamos a forma *relator*, -a.

Con todo, cabe apuntar a consolidación da forma castelá en certos contextos do uso oficial.

- × *A técnica de normalización presentou unha poñencia sobre o novo programa de actuacións.*
- ✓ *A técnica de normalización presentou un relatorio sobre o novo programa de actuacións.*

*plantexar

- *planteamento s. m.
- *plantear v. t., v. i. e v.
- p. *plantexamento s. m.
- *plantexar v. t., v. i. e v.
- p. *prantear v. t., v. i. e v.
- v. p. *prantexamento s. m.
- *prantexar v. t., v. i. e v. p.

Esta base léxica só existe no castelán e no catalán; o resto das linguas románicas optou por solucións diversas.

O galego conta cun número elevado de formas para cubrir o amplo campo semántico que acolle.

Con todo, algunhas das máis recorridas son *formular*, *planear*, *propor* ou *enfocar*.

- × *Ningún membro da comisión soubo resolver a cuestión que plantexaba o vogal.*
- ✓ *Ningún membro da comisión soubo resolver a cuestión que formulaba o vogal.*

Do mesmo xeito, tamén se produce o calco da forma substantiva (**planteamento*, **plantexamento* ou **prantexamento*), que en galego adoita resolverse con formas como *formulación*, *planeamento*, *proposta* ou *enfoque*, entre outras.

- × *O seu plantexamento provocou serias dúbidas sobre a viabilidade económica do programa.*
- ✓ *A súa formulación provocou serias dúbidas sobre a viabilidade económica do programa.*

*recabar

- *recabar. v. t.
- solicitar v. t.
- acadar v. t.

Co valor de ‘pedir ou reclamar’, este castelanismo debe ser substituído por formas galegas como *solicitar* ou *demandar*.

Co valor de ‘lograr algo’, cómpre substituílo por outros verbos de uso común: *acadar*, *recadar*, *conseguir* ou *lograr*.

- × *A empresa adxudicataria presentou os datos que lle recabara a Administración.*
- ✓ *A empresa adxudicataria presentou os datos que lle solicitara a Administración.*

Módulo 12

Contorno

Sociolingüística: Opinións e actitudes lingüísticas na Administración de xustiza

Lexislación: Outras disposicións de ámbito estatal reguladoras do uso das linguas: Lei do rexistro civil; Lei sobre nome e apelidos e orde destes, Real decreto polo que se regula a expedición do DNI e os certificados de sinatura electrónica

Gramática

Construcións verbais

Redacción e estilo

Os adverbios rematados en *-mente*

Denominacións procedentes doutras linguas

Léxico

Vacilacións frecuentes


I2.I Contorno

Sociolingüística: Opinións e actitudes lingüísticas na Administración de xustiza

O 55% do persoal vinculado ao TSXG e ás audiencias provinciais considera que o máis necesario para promover o uso do galego na Administración de xustiza é a formación.

Os cursos de linguaxe xurídica son considerados os recursos máis eficaces no 85% das salas e seccións.

En segundo lugar, sitúanse os correctores ortográficos.



SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE. OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA 2007
BASE: UNIDADES ADMINISTRATIVAS DA XUNTA DE GALICIA

Lexislación: Outras disposicións de ámbito estatal reguladoras do uso das linguas: Lei do rexistro civil; Lei sobre nome e apelidos e orde destes, Real decreto polo que se regula a expedición do DNI e os certificados de sinatura electrónica

Lei do rexistro civil

Artigo 23

Os asentos realizaranse en lingua castelá ou na lingua oficial propia da comunidade autónoma en que radique o rexistro civil, segundo a lingua en que estea redactado o documento ou en que se realice a manifestación. Se o documento é bilingüe, serán realizados na lingua indicada por quen o presente ao rexistro. Todo iso sempre que a lexislación lingüística da comunidade autónoma prevea a posibilidade de redacción dos asentos dos rexistros públicos en idioma cooficial distinto do castelán.

Disposición adicional única. Distribución de follas, impresos e selos

A partir da entrada en vigor das disposicións regulamentarias previstas na disposición derradeira e para os efectos do establecido nesta lei, nas comunidades autónomas con lingua oficial propia distinta do castelán as follas dos libros do rexistro civil, os impresos e os selos serán distribuídos impresos en cada unha das linguas oficiais.

Lei sobre nome e apelidos e orde destes

Artigo 2

Por outra parte, transcorridos máis de vinte anos desde a aprobación da Lei 17/1977, do 4 de xaneiro, sobre reforma do artigo 54 da Lei do Rexistro Civil, que establecía a posibilidade de substituír o nome propio polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas do Estado español, atopámonos con que calquera cidadán que acade a maioría de idade e teña inscrito o seu nome en lingua castelá no Rexistro Civil vese privado da posibilidade de que o seu nome propio sexa traducido a outra lingua española oficial.

Por todo iso, a lei que se aproba facilita o uso normal das diferentes linguas do Estado español e a obtención dun estatuto xurídico que respecte a súa riqueza idiomática. Así mesmo, e polas mesmas razóns, a lei permite regularizar ortograficamente os apelidos cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúe á gramática e fonética da lingua española correspondente.

x polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os certificados de sinatura electrónica

Artigo 11. Contido

3 Os textos fixos expresaranse en castelán e os expedidos en territorio daquelas comunidades autónomas que teñan outra lingua oficial expresaranse tamén nesta.

BOE núm. 307 do 24.12.2005. Suplemento en galego núm. 13.12.2005

12.2 Gramática

Construcións verbais

A riqueza lingüística do galego permítenos valernos dos tempos verbais e tamén das perífrases para gañar en expresividade e matices comunicativos. De entre as moitas opcións que podemos empregar temos que fixarnos nas seguintes, debido ao uso confuso que facemos delas:

A construción vir de + infinitivo

Empregase para indicar unha acción recente, xa rematada, e sempre implica movemento. É dicir, o verbo *vir* mantén o seu significado:

× *O xulgado entregoulles aos demandados a cédula de citación.*

✓ *O xulgado vén de entregarlles aos demandados a cédula de citación.*

Polo tanto non é unha perífrase, aínda que nos resulta útil para expresar matices temporais de anterioridade recente.

A construción ter + participio

Indica unha acción pasada rematada e reiterada, é dicir, que se repetiu varias veces anteriormente.

Teño organizado eventos similares noutras ocasións e nunca me supuxeron tantos problemas.

Se non se cumpren estes requisitos, podemos estar diante dun «falso tempo composto», un castelanismo totalmente incorrecto en galego.

- × *Cando a conselleira chegou, o alcalde tiña marchado.*
- ✓ *Tiña marchado moitas veces, pero ao final sempre volvía.*

Tampouco estamos ante unha perífrase verbal cando o verbo *ter* conserva o significado de posesión e o participio do outro verbo concorda co obxecto directo.

Teño seleccionadas só cinco aspirantes das trinta que presentaron a solicitude.

Ter por e dar por + participio

Son estruturas que manteñen certa actividade na lingua común, aínda que formando parte de frases feitas: *dar por morto*, *ter por feito*... Na linguaxe xurídica, o seu uso considérase recargante e arcaísta; é dicir, non son recursos eficientes e deben substituírse por verbos simples que achegan de forma clara o concepto que queremos expresar: ‘considerar’, ‘estimar’, ‘valorar’.

As alternativas básicas son a verbalización (un verbo por vez dunha estrutura complexa) e a simplificación da oración, o que nos leva a unha escrita correcta e, ademais, moito máis clara.

- × *Teremos por concluídas as pescudas cando se estime que as probas son suficientes.*
- ✓ *Concluiremos as pescudas cando se estime que as probas son suficientes.*
- × *Solicítolle que teña por tramitada a solicitude de cambio de data para a vista preliminar.*
- ✓ *Solicítolle un cambio de data para a vista preliminar.*
- × *A presidenta da sala deu por concluída a sesión.*
- ✓ *A presidenta da sala concluíu a sesión.*
- × *Dando por demostrada a vinculación laboral coa empresa, procede a indemnización ou a readmisión no seu posto.*

- ✓ *Unha vez demostrada a vinculación laboral coa empresa, procede a indemnización ou a readmisión no seu posto.*

12.3 Redacción e estilo

Os adverbios rematados en *-mente*

Debido á necesidade de engadir moitas matizacións, a linguaxe xurídica apóiase en exceso nos adverbios rematados en *-mente*. Aínda que isto non constitúe ningún erro gramatical, alonga os textos e éncheos dunha lingua marcadamente ampulosa e, en consecuencia, pouco áxil. A solución está na variedade léxica e na optimización dos recursos gramaticais.

- × *Poderán adherirse á causa unicamente as persoas físicas ou xurídicas que residan habitualmente na área obxecto de expropiación e que demostren documentalente a vinculación con esta.*
- ✓ *Poderán adherirse á causa só as persoas físicas ou xurídicas que residan habitualmente na área obxecto de expropiación e que demostren por medio de documentos a vinculación con esta.*

Con todo, no caso de empregalos, é bo lembrar que a súa colocación inflúe sobre a dos pronomes. Se aparecen como un inciso, entre comas, permanecerán tras o verbo, como é habitual. Se o adverbio está integrado na frase, sen pausa que o separe do verbo, provoca a anteposición do pronome átono:

Raramente se presentan recursos contra este tipo de sentenza.

Finalmente, presentáronse só dúas persoas.

Denominacións procedentes doutras linguas

O contacto con outras linguas provoca a incorporación de termos alleos ao galego que teñen máis ou menos éxito na súa implantación pero que nos obrigan a ter un criterio para usalos nas nosas comunicacións.

En xeral, se un estranxeirismo ten correlato galego, non é necesario incorporalo á nosa lingua. Cando non é así, podemos optar por facer as adaptacións mínimas necesarias (acentuación, grafías etc.) ou ben traducilos. Nisto inflúe moito o uso, pero son numerosas as excepcións de nomes que a lingua asumiu a gran velocidade tal como nos chegaron.

Tradúcense, por norma xeral:

- Nomes propios de personaxes históricos, membros de familias reais, papas e outras personalidades de relevo xeral:

o rei Xoán Carlos I *Miguel Anxo*

- Nomes de personaxes literarios, mitolóxicos e divindades:

san Tomé *Romeo e Xulieta*

- Topónimos frecuentes que se introduciron na nosa lingua tempo atrás:

Bos Aires *Xenebra* *Nova York*

- Accidentes xeográficos e topónimos menores:

illas Cook *ponte Sant'Angelo*

- Institucións públicas, as súas unidades, entidades sociais e cargos que as representan. Cando non se atopa unha forma segura para a correcta interpretación da tradución, xúntase ao nome galego o de orixe entre parénteses:

Ministerio de Tráballo e Inmigración

Xunta de Andalucía

Delegación do Goberno

Médicos sen Fronteiras

- Actividades académicas, producións culturais, eventos comerciais e competicións:

II Congreso Noruegués de Tecnoloxía Aplicada á Administración

O berro, *de Munch*

Campionato Mundial de Triatlón

- Premios e galardóns:

Premio Calidade 2012 do Ministerio de Sanidade

- Títulos de textos legais e disposicións normativas:

Lei internacional dos dereitos humanos

Tratado americano de solucións pacíficas

12.4 Léxico

+poxa

- *subasta *s. f.*
- *subastar *v. t.*
- licitación *s. f.*
- licitar *v. t.*
- poxa *s. f.*
- poxar *v. t.*

Nas linguaxes administrativa e xurídica a forma de uso preferente é a patrimonial *poxa*, recuperada do léxico dialectal para os usos formais.

Na mesma familia léxica atopamos *poxar*, *licitar* (cultismo), *licitación* (cultismo).

- × *A subasta dos bens embargados terá lugar na sala de vistas do xulgado.*
- ✓ *A poxa dos bens embargados terá lugar na sala de vistas do xulgado.*

*recargo

- *recargo *s. m.*
- recarga *s. f.*

Co significado de ‘cantidade ou tanto por cento que se engade’, en galego a forma correcta é *recarga* (*s. f.*), formada a partir da base substantiva *carga* á que se engade o prefixo *re-*.

- × *Se non aboa a cantidade no prazo indicado, aplicaráselle un recargo do 10 %.*
- ✓ *Se non aboa a cantidade no prazo indicado, aplicaráselle unha recarga do 10 %.*

*suministro

- *suministro *s. m.*
- *suministro *s. m.*
- *suministrar *v. t.*
- subministración *s. f.*
- subministrar *v. t.*

Do latín *subministrationem*, temos en galego a forma *subministración* (*s. f.*), de uso frecuente na linguaxe administrativa.

O verbo do que deriva mantén así mesmo a base culta: *subministrar*.

- × *O goberno decidiu recortar o suministro de material informático.*
- ✓ *O goberno decidiu recortar a subministración de material informático.*

+suxestión

- *suxerencia *s. f.*
- *suxerente *adx.*
- suxerir *v. t.*
- suxestión *s. f.*
- suxestivo, -a *adx.*

Do latín *sugestionem*, o galego conserva a forma substantiva *suxestión*, harmónica co resto das linguas románicas: *sugestão* (portugués), *sugestió* (catalán), *suggestion* (francés), *suggestione* (italiano), *suggestion* (inglés).

- × *Agradécémoslle a achega de calquera suxerencia sobre o novo proxecto.*
- ✓ *Agradécémoslle a achega de calquera suxestión sobre o novo proxecto.*

Do mesmo xeito, debe usarse a forma adxectiva *suxestivo*, -a, a partir do étimo latino *suggestum*.

De por parte, a base verbal latina *suggerere* produciu de modo regular a forma galega *suxerir*.

Trátase dun castellanismo que encobre tres significados diferenciados.

A proposta galega, equivalente para todos eles, é *sanear*.

O seu substantivo afín é *saneamento*.

- × *Dispón dun prazo de 15 días para subsanar os erros detectados na súa documentación.*
- ✓ *Dispón dun prazo de 15 días para sanear os erros detectados na súa documentación.*

Non obstante, tamén podemos recorrer á sinonimia.

Co valor de ‘desculpar unha falta’ podemos usar as formas *emendar*, *rectificar* ou *corrixir*; co valor de ‘remediar un defecto’, *reparar* ou *solucionar*; e co valor ‘reparar un dano’, *reparar*, *arranxar* ou *amañar*.

A partir do étimo latino *taxare*, o galego posúe a forma verbal *taxar*, amplamente documentada nos textos medievais.

Son formas derivadas deste verbo os substantivos *taxa* e *taxación*.

- × *Para participar nas probas deberá pagar as taxas correspondentes.*
- ✓ *Para participar nas probas deberá pagar as taxas correspondentes.*

A pronuncia máis recomendable debe ser a palatal [ʃ].

*subsanar

- *subsanar *v. t.*
- emendar *v. t.*
- reparar *v. t.*
- saneamento *s. m.*
- sanear *v. t.*
- solucionar *v. t.*

+taxa

- *tasa *s. f.*
- *tasación *s. f.*
- *tasar *v. t.*
- taxa *s. f.*
- taxación *s. f.*
- taxar *v. t.*

Máis información ⓘ

[1] García Cancela, Xermán e Díaz Abreira, Carlos (1994): *Manual de linguaxe administrativa*, Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

«É opinión xeneralizada que non se pode falar en termos absolutos dunha terminoloxía estritamente administrativa. Nin en todos os termos que aparecen en documentos da Administración forman parte da linguaxe administrativa nin forman parte dela todas as expresións que a nivel oral son utilizadas polos funcionarios.

[...] A Administración estende a súa actividade reguladora aos campos máis diversos e, en consecuencia, debe servirse constantemente e, cada vez máis, do vocabulario propio das ramas de actividades nas que exerce a súa acción. Neste sentido, é facilmente constatable que nos textos emanados da Administración se poden atopar termos pertencentes a áreas tan diversas como a sanidade (cando se regulan, por exemplo, os servizos hospitalarios ou as campañas de vacinación), o ensino (e aínda dentro deste, o ensino de materiais moi diversas), o urbanismo, a agricultura, etc. Por outra banda, a actividade da Administración ten un soporte xurídico e económico que fai que teña que botar man constantemente dunha terminoloxía máis propiamente xurídica ou económica ca administrativa.»

[2] Prieto de Pedro, Jesús (1998): "Lenguaje jurídico y Estado de Derecho", en *Revista de Administración Pública*, núm. 140, páxs. 11-129. Madrid.

Os lindes entre a linguaxe común e a específica:

«Non hai regras áreas para o cálculo da proporción entre o común e o específico na linguaxe xurídica, aínda que, segundo din os estudos, parece que os vocábulos xurídicos alcanzan unhas marxes cuantitativas moi baixas, entre o 2 e o 5 por cento. Pero hai unha idea clara. Os xuristas deben esforzarse para que os tecnicismos na linguaxe xurídica queden, a modo dun *odiosa sunt restringenda*, restrinxidos ao estritamente imprescindible. Esta coerción sobre o léxico técnico que debe presidir o ánimo do xurista é unha forma de achegar a devandita linguaxe aos cidadáns e de facela máis pura; e, por desgraza, o usual é o contrario, que as leis, as sentenzas xudiciais e os escritos dos funcionarios sexan técnicos en demasía, que empreguen moitos máis tecnicismos dos precisos para formular o dereito. Callou con gran forza, ata no ánimo de moitos xuristas ben intencionados, a falsa idea de que, canto máis se cargue no léxico xurídico, mellor dereito se fai.»

[3] García Cancela, Xermán e Díaz Abreira, Carlos: *Manual de linguaxe administrativa*, Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

«É esta construción un galicismo que procuraremos desbotar, pois á parte de non ser un xiro tradicional, faise del un emprego excesivo e é doadamente evitable na maioría dos casos. Así, os textos aparecen inzados ás veces de frases do tipo "ese é tamén un problema a solucionar"; "débese facer unha lista dos edificios a conservar" [...].

Nestes casos, pódese botar man de distintas fórmulas, segundo sexa o significado en cada caso, como que, que hai que, que se vai, que se debe...; desta maneira, nas anteriores frases: "ese é tamén un problema que hai que (que se debe, que se vai, por... solucionar"; "débese facer unha lista dos edificios que se pretende (que se van, que, que hai que...) conservar" [...].»

[4] Vilches Vivancos, Fernando (2009): «Texto y contexto en el lenguaje administrativo. ¿Por qué no nos entienden los ciudadanos?», en *Ciclos de Conferencias Administración y Sociedad*. EAR, Toledo.

Puntuación:

«Un escrito mal puntuado pode ser un desastre comunicativo. Ergo, é máis importante coñecer o bo uso dos signos de puntuación ca, se me apuran, as regras básicas da ortografía.»

[5] VV. AA. (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, páx. 12. Real Academia Galega. A Coruña.

«A elaboración das presentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* fíxose atendendo aos seguintes principios:

[...]

4. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, co fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente.»

[6] VV. AA. (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, páx. 11. Real Academia Galega. A Coruña.

«A elaboración das presentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* fíxose atendendo aos seguintes principios:

A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de enraizar sobre bases seguras e vivas. Agora ben, para que estas bases sexan efectivamente sólidas, a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto alleo e innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe ser o máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego.»

[7] González Salgado, José Antonio (2009): «El lenguaje jurídico del siglo XXI», en *Diario La Ley*, núm. 7209. Madrid.

«[...] Un tic moi rechamante e moi pouco elegante dos textos redactados polos avogados (cando menos pola maioría deles) é a repetición incesante de *o mesmo, a mesma, os mesmos, e as mesmas*, recurso feo, pouco elegante e moi aburrido, que Fernando Lázaro Carreter levou ao ridículo nesta apaixonante conversa entre unha parella:

—*Xuraría que gardara as chaves no peto da chaqueta, pero non levo as mesmas no mesmo.*

—*Miraches o pantalón? Podes levalas nos petos do mesmo.*

—*Non, non levo as mesmas no mesmo... Ao saír da casa, deixaría as mesmas sobre algún moble da mesa, mentres sacaba o abrigo e poñía o mesmo.*

—*Terás que chamar o cerralleiro para que che abra a porta.*

—*Sí, aquí teño o teléfono do mesmo. Cambiounos a fechadura da mesma hai pouco, e coñecerá a mesma...»*

[8] Gómez Font, Alberto (2009): «Abogacía y corrección lingüística», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 51, páxs. 187-200. Barcelona.

«[...] Vaiamos agora a outro asunto, tan problemático coma os anteriores: o uso das maiúsculas. Un dos mellores consellos que me deron foi o seguinte: "Ante a dúbida: minúscula". E o mellor de todo foi a explicación: "Se ao comezar a escribir unha palabra xorde a dúbida entre escribila con maiúscula, o mellor será optar pola minúscula, pois así é moi probable que se acerte, xa que hai un 95% de probabilidades ao teu favor". Tamén recordo con agarimo unha frase que lle oín ao lingüista Fernando Lázaro Carreter: "O minusculismo é máis hixiénico ca o maiusculismo"»

[9] González Salgado, José Antonio (2009): «El lenguaje jurídico del siglo XXI», en *Diario La Ley*, núm. 7209. Madrid.

«[...] A linguaxe xurídica, no seu afán de precisión, recorre con extremado abuso a marcar o discurso actual con referencias exactas ao que xa apareceu no texto. Algunhas destas "redundancias anafóricas", como as chama Jesús Prieto de Pedro, son en realidade palabras herdadas da linguaxe legal da Idade Media (antedito, devandito, sobredito, tal etc.), mentres que outras se formaron con posterioridade, e foi durante o século XX cando adquiriron un éxito notable na prosa xurídica (o mesmo, referido, citado etc.).

[10] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista Llingua i Dret*, núm. 30, páxs. 7-46. Barcelona.

«[...] No período posterior rexorde, nos oitenta, o interese pola linguaxe administrativa. [...] Víñase dando unha serie de pasos, de carácter legal, regulamentario, para adaptar o funcionamento administrativo aos novos valores e conceptos políticos que rexen. Unha orde ministerial, do 10 de xaneiro de 1981 (BOE do 14 de xaneiro de 1981; foi coñecida por "Arias Salgado" polo ministro que asinaba), obrigaba a identificar o emisor das resolucións administrativas. Outra orde posterior, a do 7 de xullo de 1986 (BOE do 22 de xullo; festivamente denominada "San Fermín"), insiste na identificación de quen asine o documento, e incorpóranse novas pautas para a súa elaboración: "Deberase dispor o texto en forma clara e concisa, acudindo a parágrafos breves e separados e evitando a aparición de apartados cuxa extensión ou complexidade dificulte innecesariamente a interpretación do seu contido"; proscribe tamén as "fórmulas de salutación ou despedida, [...] expresións ou xiros que non sexan esenciais para a exposición do contido". Talvez o máis difundido desta orde sexa a supresión de fórmulas de tratamento ou cortesía.»

[11] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista Llingua i Dret*, núm. 30, páxs. 7-46. Barcelona.

«[...] Abundan así as impersoais con *se*, as pasivas reflexas e as oracións en voz pasiva, estas últimas en proporcións nada comparables ás do seu emprego na lingua estándar. Aínda para os extremos máis triviais, o emisor renuncia á súa participación como interlocutor, e arrúpase no seu papel oficial, en terceira persoa, a pesar de que a súa sinatura e cargo oficial o identifiquen nominativamente na mensaxe. As suxestións que se lles presentan aos redactores apuntan a eliminar a pétrica adopción da enunciación impersoal. O emprego da voz pasiva, na construción perifrástica co verbo ser, non ofrece máis inconveniente ca o de ser pouco frecuente na lingua, co que afasta os textos do nivel xeral.»

[12] Xunta de Galicia: Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136 do 14.07.2006)

«Artigo 18. Tratamentos

O tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos será o de señor/señora, seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.»

[13] Blanco de Tella, Luis (1968): «Reflexiones sobre el lenguaje administrativo», en *Documentación Administrativa*, núm. 52, páxs. 73-88. Madrid.

«[...] En todos os modelos de instancia contidos no *Manual de Procedimiento Administrativo*, editado polo Centro de Formación e Perfeccionamento de Funcionarios en 1960, substitúese a expresión *suplica* pola de *solicita*. Igualmente fanse desaparecer todas as demais fórmulas inútiles ou anticuadas do texto nos formularios e documentos que, en número aproximado de sesenta, constitúen o primeiro anexo do manual. No devandito anexo contense ao noso xuízo unha das tentativas máis importantes de revisión do estilo administrativo levadas a cabo nos últimos anos.»

[14] Blanco de Tella, Luis (1968): «Reflexiones sobre el lenguaje administrativo», en *Documentación Administrativa*, núm. 52, páxs. 73-88. Madrid.

Orixes da datación en letra:

«[...] Foi frecuente a existencia da data en letra. Así, o mesmo artigo 150 do citado Regulamento do 9 de xullo de 1917 dispuña que os escritos haberían de terminar "en forma de súplica coa petición que se fai e coa data en letra e a sinatura enteira do solicitante". Do mesmo xeito, o Regulamento de procedemento administrativo do Ministerio da Gobernación, do 31 de maio de 1947, derogado igualmente pola disposición final primeira da Lei de procedemento administrativo, establecía no seu artigo 49 que as instancias haberían de expresar "súplica en que se concrete con toda claridade a súa petición, lugar e data en letra".»

[15] NORMA INTERNACIONAL ISO 31-0: 1992

«Símbolos. Os símbolos das magnitudes están formados xeralmente por unha soa letra do alfabeto latino ou grego, ás veces con índices ou con outros signos modificadores. Estes símbolos imprímense en caracteres itálicos (cursiva) (independentemente dos caracteres utilizados no resto do texto). Ao símbolo non lle segue un punto, salvo esixencias das regras normais de puntuación, por exemplo, ao final dunha frase.

Símbolos internacionais de unidades. Cando existan símbolos SI de unidades deben empregarse con exclusividade de calquera outro. Deben imprimirse en

caracteres romanos (independentemente dos caracteres utilizados no resto do texto), quedan invariables en plural e non levan punto final salvo esixencias da puntuación normal, por exemplo, ao final dunha frase. Os símbolos das unidades deben imprimirse xeralmente en letras minúsculas, con todo, imprímese en maiúscula a primeira letra cando o nome da unidade deriva dun nome propio.»

[16] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista Llingua i Dret*, núm. 30, páxs. 7-46. Barcelona.

«[...] Un fenómeno lingüístico ligado á avultada extensión das construcións oracionais na linguaxe administrativa é, desde logo, o habitual recurso ao rodeo e á abundancia de termos superfluos; esta sobrecarga de vocábulos prescindibles degrada a súa condición de tecnolecto, para derivar en notas xergais pouco xustificables. Circunloquios, redundancias e unha xenerosa mostra de formas vacuas invaden os textos da Administración, nun despregamento de verbosidade gratuíta que rematou por facerse proverbial.»

[17] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista Llingua i Dret*, núm. 30, páxs. 7-46. Barcelona.

Nominalización:

«[...] Habería de mencionarse en primeiro lugar a tendencia á nominalización. O predominio absoluto que a categoría nominal ostenta nos textos administrativos –presenza hexemónica común a outras linguaxes de especialidade, segundo recoñecía Haensch na súa fundamental análise caracterizadora dos tecnolectos (Haensch 1983:16)– fai cerimonioso e afectado o estilo, porque "aforra enerxía a quen escribe, pero iso adoita significar que obriga a quen le a facer un esforzo complementario para interpretar o gasto de enerxía aforrado polo redactor. Isto quere dicir que ao adoptar un estilo nominal o que escribe atende aos seus intereses máis ca aos do lector" (Núñez Ladevéze 1993:158).»

Exercicios

Módulo 1

1.3 Léxico

1. Escolle a forma correcta dos seguintes pares

aprazar vs. aplazar | ordear vs. ordenar | calificado, -a vs. cualificado, -a | cuantía vs. contía | otorgar vs. outorgar | cualificable vs. calificable | cuota vs. cota | acurtar vs. acortar | cualidade vs. calidade | disminuír vs. diminuír

2. Elixe a resposta correcta para cada unha das seguintes definicións

1. Someter á decisión dun tribunal: enxuizar · enxuizar · axuizar
2. Mandado xudicial que obriga a cumprir unha disposición de xeito inmediato: apremio · prema · aprema
3. Acordo entre as partes nun procedemento: avinza · avenencia · avenenza
4. Confrontación de dúas ou máis testemuñas para esclarecer un feito: coreo · careo · acareo
5. Propiedade inmoble, rústica ou urbana: predio · finca · cortello
6. Dise do predio que está pegado ao outro: colindante · lindeiro · lindante
7. Chocar dous vehículos: colidir · colisionar · coligar
9. Presentarse nun sitio, baixo unha orde, para realizar un acto legal: aparecer · personarse · comparecer
10. Gastos orixinados nun proceso xudicial: costas · custes · custas
11. Incautar unha mercadoría: comisar · decomisar · encomisar

Módulo 2

2.2 Gramática

1. Elixe a opción correcta en cada caso

1. O primeiro [a significar / significado / que significar / de significar] do problema formulado na lite son os feitos fundamentais que concorren no caso.
2. O baremo [a ter en conta / que se terá en conta / tido en conta / en conta] ha de ser o vixente no momento de curación do lesionado, pois é daquela cando se coñeceu o alcance das lesións e das secuelas que lle quedaron.
3. O artigo 103.0 do Código civil refírese ás medidas [a adoptar polo xuíz / que adoptou o xuíz / adoptadas polo xuíz / que adoptará o xuíz] nos anteditos procesos matrimoniais.
4. Comunicámoslles ás partes que contra esta resolución cabe [recurso de reposición a interpoñer / interpoñer un recurso de reposición / recurso de reposición interpoñible / recurso de reposición que interpoñer] ante este mesmo xulgado no prazo de cinco días.
5. Para tal fin, efectúen as dilixencias de investigación dos bens e comisionen o persoal de auxilio xudicial para [a dilixencia de embargo a efectuar / a dilixencia de embargo efectuable / efectuar a dilixencia de embargo / a dilixencia de embargo].
6. A [cantidade a satisfacerlle / cantidade que lle satisfixo / cantidade satisfeita / cantidade que ha de satisfacerlle] a parte condenada ás custas a aquela que vencesse no preito será a resultante de aplicar este baremo.

2.3 Redacción e estilo

1. Puntúa os seguintes textos e introduce os signos ortográficos necesarios

1. O dereito galego interpretárase e integrárase desde os principios xerais que o informan así como coas leis os usos os costumes a xurisprudencia emanada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais a doutrina que encarna a tradición xurídica galega artigo 2.2 da Lei 22006 do 14 de xuño de dereito civil de Galicia
2. Segundo a resolución que se pronunciou o día 02062007 remítolle este oficio para que reteña e poña á disposición deste xulgado as cantidades que o demandado poida ter nesa entidade en contas correntes cartillas de aforro ou valores e depósitos deberá reter a cantidade que sexa suficiente para cubrir as responsabilidades reclamadas no procedemento
3. Neste xulgado estase a tramitar por instancia de Sabela Fiúza Muíño contra Xabier Seoane Poza o xuízo ordinario 89/2008 neste procedemento pronunciouse unha resolución en que se dispón sacar a poxa pública os bens que se describen no documento anexo o día sinalado para a poxa é o 24092008 ás 1300h na sala da audiencias deste xulgado terceiro andar
4. Emprazo a Helena Sánchez Castro con domicilio na rúa dos Loureiros 8 1ºB do Grove para que no prazo de 10 días hábiles que comezará a contar ao día seguinte de que reciba esta comunicación compareza no procedemento para contestar a demanda
5. Con carácter previo a que a demanda executiva sexa admitida a trámite requiran a parte executante para que acredite a representación que exerce achegue unha copia da sentenza que pretende executar e de ser o caso do convenio regulador facilite o DNI e o domicilio do executado identifique o re-

xistro da propiedade en que deberá inscribirse o embargo do terreo que solicita

2.4 Léxico

1. Escribe a forma galega correspondente coas formas incorrectas da columna da esquerda

abonaré	
recibí	
buzón	
promedio	
entorno	
ubicar	
casa consistorial	
plantear	
dietas	
intereses de demora	

2. Escribe a forma correcta en cada caso

1. Para os efectos deste regramento, consideraranse abandonados os vehículos que non sexan aptos para circular ou teñan sinais evidentes de abandono e deterioro.
2. Os cónxuxes poderán conceder o usufructo universal de viudeza en escritura pública ou en testamento sobre a totalidade ou parte da herencia.
3. No diseño do plan formativo desenrolouse un proceso de detección de necesidades formativas para conquistar unha metodoloxía máis eficiente.
4. O concello interpuxo un recurso contra a sentenza que anula o proxecto de urbanización dun espacio contiguo coas terras romanas.

5. Consonte a nova resolución que se publicou no DOG, os centros escolares que soliciten esta actividade ateranse aos criterios dispostos sobre reparto e ubicación xeográfica.

Módulo 3

3.2 Gramática

1. Introduce nestes enunciados o pronome pleonástico de complemento indirecto onde sexa preciso
 1. A acumulación de procesos solicitarase sempre ao tribunal que instrúa o proceso máis antigo, ao que se acumularán os máis modernos.
 2. A parte demandante reclama ao demandado os recibos de auga dende o segundo bimestre de 2006 ata o terceiro bimestre de 2007.
 3. Notifiquen esta resolución á procuradora recorrente e ao Ministerio Fiscal.
 4. O demandado comunicou ao tribunal a súa decisión no prazo de tres días e deuse conta aos demandantes de tal circunstancia.
 5. Consonte o artigo 6 da Lei de axuízamento civil (LAC), poderán ser partes nos procesos ante os tribunais civís as entidades sen personalidade xurídica ás que a lei reconeza capacidade para seren parte.
 6. Cando a defunción dun litigante conste ao tribunal e non compareza o sucesor no prazo dos cinco días seguintes, permitírase ás demais partes pedir, con identificación dos sucesores e do seu domicilio ou residencia, que se lles notifique a existencia do proceso.

7. Se as partes cambiaren de domicilio durante o desenvolvemento do proceso, haberán de o comunicar inmediatamente ao tribunal.

3.3 Redacción e estilo

1. Elixo a opción correcta tendo en conta o uso adecuado dos recursos tipográficos

A)

- 1 Por medio deste escrito **formulo unha demanda de DI-VORCIO DE MUTUO ACORDO** coa que achego a Proposta de convenio regulador.
2. Por medio deste escrito formulo **unha demanda de divorcio de mutuo acordo** coa que achego a proposta de convenio regulador.
3. Por medio deste escrito FORMULO unha **DEMANDA DE DIVORCIO DE MUTUO ACORDO** coa que achego a proposta de convenio regulador.

B)

- 1 Remíttolle os autos do xuízo verbal número 234/2009 para resolver o RECURSO DE APELACIÓN interposto polo procurador **XOSÉ LEIRA MUÍÑO** contra a sentenza pronunciada no devandito procedemento o día 14.09.2009.
2. Remíttolle os autos do **XUÍZO VERBAL NÚMERO 234/2009** para resolver o **RECURSO DE APELACIÓN** interposto polo procurador XOSÉ LEIRA MUÍÑO contra a **SENTENZA pronunciada no devandito procedemento o día 14.09.2009.**

3. Remítolle os autos do xuízo verbal número 234/2009 para resolver o recurso de apelación interposto polo procurador Xosé Leira Muíño contra a sentenza pronunciada no devandito procedemento o día 14.09.2009.

C)

- 1 Eu, secretaria xudicial, perante Xaime Salgado Salgado, requíroo para que entregue o seu permiso de condución de vehículos de motor/ciclomotores co fin de que permaneza depositado durante o tempo da condena, segundo a liquidación efectuada.
2. Eu, secretaria xudicial, perante XAIME SALGADO SALGADO, **REQUÍROO** para que entregue o seu PERMISO DE CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR/CICLOMOTORES co fin de que permaneza **depositado durante o tempo da condena**, segundo a liquidación efectuada.
3. Eu, secretaria xudicial, perante **Xaime Salgado Salgado**, REQUÍROO para que entregue o seu *permiso de condución de vehículos de motor / ciclomotores* co fin de que permaneza depositado durante o tempo da condena, segundo a liquidación efectuada.

D)

1. **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NUMERO 1 DE FERROL**

*Rúa da Coruña, 55
15402 FERROL
TFNO.: 981.00.00.00
FAX: 981.11.11.11*

2. **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NUMERO 1 DE FERROL**

Rúa da Coruña, 55
15402 Ferrol
Tfno.: 981 000 000
Fax: 981 111 111

3. **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NUMERO 1 DE FERROL**

**Rúa da Coruña, 55
15402 Ferrol
TFNO.: 981000000
FAX: 981111111**

E)

1.
G9999
NIX: **0000 0 0000000/2008**
PROCEDEMENTO: **XUÍZO VERBAL 144/2008**
SOBRE: **RECLAMACIÓN DE CANTIDADE**

DE: XULIO CASTRO CASTRO
PROCURADORA: CARME SEOANE SEOANE
CONTRA: FERNANDA CURRÁS CURRÁS
PROCURADOR: XURXO LOBEIRA LOBEIRA

2.
G9999
NIX: 0000 0 0000000/2008
Procedemento: xuízo verbal 144/2008
Sobre: reclamación de cantidade

De: Xulio Castro Castro
 Procuradora: Carme Seonae Seoane
 Contra: Fernanda Currás Currás
 Procurador: Xurxo Lobeira Lobeira

3.

G9999

NIX: 0000 0 0000000/2008

Procedemento: XUÍZO VERBAL 144/2008

De: **Xulio Castro Castro**

Contra: **Fernanda Currás Currás**

Procurador: Xurxo Lobeira Lobeira

3.4 Léxico

1. Asigna as formas que se corresponden coa definición

prexudicial, estada, sumidoiro, chanceler, bolsa, suxestión, portelo, queda, acoutar, alugar

	Estrutura provisional de madeira ou metálica que serve para andar por ela a certa altura en traballos de construción.
	Converter un terreo ou lugar en couto.
	Abertura en oficinas e outros lugares a través da que se atende a cidadanía.
	Algo ou alguén que causa un dano ou prexuízo.
	Primeiro/a ministro/a en Alemaña.
	Ceder ou tomar algunha cousa por diñeiro durante un tempo determinado.
	Axuda económica que recibe unha persoa para estudar ou investigar.

	Cousa suxerida.
	Conduto subterráneo polo que se evacúan as augas da chuvia e as procedentes de residuos de vivendas.
	Tempo en que lle corresponde a unha persoa facer, recibir ou usar algunha cousa, segundo unha repartición previa.

2. Indica a forma correcta na columna da dereita

listín		tanteo	
conlevar		profundizar	
liderazgo		rentable	
mostrario		adeudar	
ubicación		endeudar(se)	

Módulo 4

4.2 Gramática

1. Corrixo o uso errado de *mesmo*, *-a* nos seguintes enunciados

1. Considéranse reproducidos os argumentos esgrimidos no recurso de súplica e insístese en que o mesmo é totalmente admisible ao abeiro das prerrogativas legais do artigo 462.5 da Lei 1/2000 e do artigo 56.4 da Lei 29/1998.
2. A sentenza que pronunciou o xulgado dispoñía que a acción reivindicatoria exercida non podía prosperar xa que a mesma non cumpría cos requisitos legais.

3. O meu cliente declárase dependente economicamente e neste momento vive en compañía da súa nai no mesmo domicilio da mesma.
4. Rexeitou o recurso de apelación interposto contra a sentenza do 16.03.2009 que pronunciou o Xulgado Contencioso Administrativo Núm. 1 de Ourense e, en consecuencia, confirmo a mesma.
5. Solicito que, unha vez que sexa firme a sentenza de divorcio, se remita o testemuño da mesma ao rexistro civil para que se realice a anotación marxinal da mesma.
12. as dilixencias previas 5/2009
13. a sentenza 5/2009 do xulgado penal número 1 de pontevedra
14. o tribunal superior de xustiza
15. os xulgados de primeira instancia
16. o gabinete xurídico desa empresa
17. o colexio de avogados de vigo
18. os colexios de avogados de galicia
19. o fiscal xefe do tribunal superior de xustiza de galicia
20. a procuradora luísa castro

4.3 Redacción e estilo

1. Introduce as maiúsculas en función distintiva nestes enunciados

1. a lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional
2. a administración de xustiza
3. o estatuto de autonomía de Galicia
4. a rúa do carne de abaixo
5. unha sentenza absolutoria
6. a dirección xeral de xustiza
7. este xulgado de instrución
8. o artigo 989 da lei de axuízamento criminal
9. o real decreto 658/2001, do 22 de xuño, polo que se aproba o estatuto xeral da avogacía española
10. o rexistro civil de Ourense
11. o matrimonio inscrito no tomo 3, páxina 12, da sección 2ª do rexistro civil desta cidade

2. Corrixe o uso de maiúsculas nas seguintes oracións

1. O xuíz solicitou o informe do Ministerio Fiscal para resolver sobre o Xuízo de Faltas 23/2010.
2. A vista desenvolveuse na Sala Segunda do Tribunal supremo.
3. O Procurador Bieito Varela Espiñeira presentou neste Xulgado unha Demanda de Procedemento ordinario contra a Empresa Reconstra, SL.
4. O Ilmo. sr. decano do Colexio de avogados de Ourense ten o pracer de convidalo á inauguración da exposición fotográfica «Os Dereitos da Infancia. Unha ollada Crítica».
5. Consonte o Auto do 02/06/2009, cítoo para que o vindeiro 8 de Xullo, ás 12.00h, compareza no Xuízo Verbal 43/2009, que se levará a cabo na Sala de Vistas deste Xulgado.
6. Segundo o Artigo 38 do Capítulo III do Título II da Lei de Dereito Civil de Galicia, a filiación adoptiva produce os mesmos efectos ca a filiación por natureza.

7. A Disposición Transitoria segunda da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación, establece que os funcionarios de carreira dos Corpos Docentes a que se refire a Disposición Adicional sétima da referida Lei poderán optar a un Réxime de Xubilación Voluntaria.
8. Ao abeiro do Artigo 795 da Lei de Axuizamento Criminal, interpoño un Recurso de Apelación ante a Audiencia provincial de Pontevedra contra a Sentenza do 16/05/2008 pronunciada polo Xulgado Penal número 2 desta cidade.
9. Por medio deste escrito formulo unha Demanda de Xuízo Verbal para a Reclamación de Cantidade contra Dona Xulia Camba Ferreiro, con domicilio en Rúa de Castelao, 23, 2º C, da Coruña.
10. O Artigo 30.1.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón a competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma en materia de Comercio Interior, sen prexuízo da Política Xeral de Prezos e da lexislación sobre a Defensa da Competencia, nos termos do disposto nos Artigos 38, 131 e 149.1.11 da Constitución Española.

4.4 Léxico

1. Escribe a forma correcta na columna da dereita

desglosar		cese	
enaxenar		financiación	
cofeito		casilla	
búsqueda		subsananar	
pérdida		aforo	

2. Corrixe pola forma galega en cada caso

1. O Consello de Administración desta entidade acordou convocar unha assemblea xeral extraordinaria no prazo de 15 días.
2. Os albaráns de compra deberán manterse a disposición dos servicios oficiais competentes durante un período de cinco anos despois da data en que se emitisen.
3. As vacacións anuais disfrutaranse preferentemente no período que abrangue entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.
4. O procedimientto para casar debe iniciarse no xuzgado de paz e, logo disto, a tramitación prosegue no concello.
5. A numerosa casuística de licencias e autorizacións que están otorgando as administracións públicas competentes en materia de espectáculos dá lugar a situacións de confusión e superposición de actividades recreativas ou de espectáculos públicos.

Módulo 5

5.2 Gramática

1. Corrixe o uso de *dito*, *-a*, nos seguintes enunciados

1. A fundamentación realizada con posterioridade nesta sentenza determina que sexa intranscendente dito documento.
2. Contra dita resolución interpúxose no tempo e na forma un recurso de apelación que foi admitido.
3. Logo de comunicarlle dito escrito á parte recorrida, esta presentou un escrito de oposición no que solicitaba que se rexeitase o recurso formulado e se condenase en custas a parte recorrente.

4. Condono ditos demandados a deixar dita vivenda libre, vacua e expedita, a disposición da demandante, co apercibimento de desafiuzalos se non verifica o desaloxamento no prazo legal.
5. Dito tribunal, en relación cun caso de desafuzamento, sinalou que dita omisión non é un simple formalismo, senón a violación do dereito do demandante cuxa pretensión prosperou.

5.3 Redacción e estilo

1. Corrixe o tratamento de persoa empregado nestes enunciados

1. Envíovos o edicto para que o publicuedes no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*. Prégovos que, unha vez publicado, fagades chegar un exemplar a este xulgado para deixar constancia das actuacións.
2. Infórmase o Sr. D. Xaime Piñeiro Piñeiro de que debe comunicarlle ao tribunal calquera cambio de domicilio que se produza durante o procedemento.
3. Con base na resolución pronunciada polo Ilmo. Sr. Maxistrado de primeira instancia, o avogado, Sr. D. Vázquez Souto, tivo a ben interpoñer un recurso de apelación.
4. Suplícase que, unha vez presentado este escrito, se sirva admitilo e, nos seus méritos, considere interposta unha demanda contra Xesús Veiga Veiga.
5. O testemuño foi ratificado perante o Ilmo. Sr. Maxistrado, quen, co seu recto proceder, axuizou estas dilixencias.
6. Consonte o acordado na resolución do 20.09.2009, rógase a V.I. que lle comunique ao xulgado se designou avogado/a de oficio neste procedemento.

7. D^a Carme Antelo Pazos, procurador, comparece e, con todo respecto, manifesta o seguinte:

5.4 Léxico

1. Asigna a forma que corresponde coa definición

vogal, querela, relatorio, memorando, derrogar, aleivosía, sondaxe, couto, tentear, acreedor/a

	Terreo ou conxunto de terreos cercados e sometidos a algunha prohibición.
	Persoa que ten dereito a esixir o cumprimento dalgunha obriga ou pagamento.
	Exposición oral ordenada e minuciosa sobre un tema que se somete a exame.
	Acusación que alguén presenta contra outra persoa perante a xustiza.
	Intentar descubrir as intencións, intereses etc. de alguén.
	Estudo ou investigación levada a cabo mediante enquisas para determinar a opinión sobre determinado asunto ou tema.
	Membro dun xurado, consello, tribunal, etc. que ten voz.
	Comunicación diplomática na que se recapitulan feitos e argumentos.
	Precaución que toma a persoa delincente para asegurarse de que non corre risco de ningún tipo ao cometer un delito, en particular, de que a vítima non vai poder reaccionar.
	Deixar sen validez unha lei ou parte dela mediante outra normativa.

2. Escribe a forma correcta ou preferida na columna da dereita

reemplazar		colindante	
achacable		encauzar	
rechazar		carilla	
desahuciar		desperfecto	
cese		listado	

Módulo 6

6.2 Gramática

1. Repara no uso da forma *presente* e elixe a solución máis adecuada

- Os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización de obras, instalacións ou actividades comprendidas nos anexos III e IV [da presente lei / da presente / desta lei/ da lei presente] deberán someterse a unha validación de impacto ambiental.
- Contra [a presente / esta resolución / a presente demanda / a resolución presentada] pode presentarse un recurso de reposición, que deberá ser anunciado dentro do prazo de cinco días.
- Na tramitación [do presente procedemento / do presente / daquel procedemento / do procedemento] tivéronse en conta todas as formalidades legais.

- Notifícolles [a presente / o presente / unha resolución / esta resolución] ás partes na forma legal e remítanlles o seu testemuño.
- [Pola presente, requíroo / Requíroo / Coa presente, requíroo / Mediante a presente, requíroo] para que compareza neste tribunal o vindeiro 21/03/2008 ás 12:00 h.

6.3 Redacción e estilo

1. Repara nos erros de concordancia destes enunciados e vólveos escribir de xeito correcto

- O xulgado comunicoulle as actuacións á parte demandada, quen solicitaron o rexeitamento do recurso.
- Canto ao feito 14^a do obxecto do veredicto, non é aplicable o atenuante de confesión porque non é espontáneo nin pleno nin completo.
- Unha vez que as partes cumpriron o trámite de instrución, ditouse resolucións nas que se confirmaba o autor de terminación do sumario.
- O artigo 21.1 da Lei de arrendamentos urbanos (LAU) e 1563 do Código civil (CC) establece que a persoa arrendataria é responsable da deterioración causada na cousa arrendada.

5. Logo de comunicarlle o escrito de formalización dos recursos ás outras partes, presentouse os escritos de impugnación e adhesións que constan nos autos.

6. As estipulacións contractuais pactadas para a campaña 2001 establécese a retribución de carácter mensual, no que se inclúe o aboamento da parte proporcional de vacacións e das pagas extraordinarias.

2. Reescribe estes enunciados aplicando unha ordenación sintáctica lóxica e eficaz

1. Unha vez efectuada nestes autos a taxación das custas, de acordo co disposto no artigo 244 da LAC, comuníquenllela ás partes.

2. Dispón o artigo 109 do Código penal que a execución dun feito descrito pola lei como delito ou falta obriga a reparar os danos e perdas por el causados.

3. Castigado coa pena de prisión dun a catro anos atópase o delito de homicidio imprudente.

4. Para que resolva, remitiulle a este tribunal o xulgado penal os autos orixinais.

5. De mutuo acordo, a separación matrimonial foi demandada polos cónxuxes polas desavinzas xurdidas no matrimonio.

6. Solicito, por todo isto, que para a comparecencia prevista na Lei de axuizamento civil (LAC), que se ha realizar consonte o disposto no artigo 771 desta lei, sexan citadas as partes, e que dite un auto para adoptar as seguintes medidas, logo de recibir a proba.

6.4 Léxico

1. Escribe a forma correcta, correspondente ao léxico xurídico-administrativo, na columna da dereita

pagaré		aportar	
cese		adxuntar	
coste		cumprimentar	
alumbrado público		casco urbano	
prorratar		plantilla	

2. Elix a opción correcta en cada caso

1. A xuíza declarou o [sobreseimento / sobreseimento / sobreseimento] da causa ao non considerar probado que se cometese o delito.
2. Notifícolles ás persoas interesadas o acordo do inicio do procedemento de [desahucio / desahucio / desafuzamento] por ocupación sen título legal.
3. A fiscalía interveu de oficio ao considerar que a aceptación dos bens por parte do alto cargo tiña indicios dun posible delito de [cofeito / suborno / chantaxe].
4. O autor dos feitos xa fora [encausado / procesado / causado] con anterioridade por un delito contra a seguranza viaria.
5. A representación legal da parte demandada alegou [enaxenación / alleamento / alienación] mental e sustentou a súa defensa no informe pericial que achegou coa demanda.
6. No xuízo quedou probado que o imputado cometeu un asasinato con aleivosía, mais sen agravante de [asañamento / ensañamento / sañamento].
7. O [fallo / veredicto / suplico] do tribunal condenouno como autor dun delito de abandono de familia á pena de catro meses de cadea.
8. O amentado xulgado penal remitiulle a este tribunal os autos orixinais xunto con todos os escritos presentados para que [substanciase / substanciase / instruíse] o recurso.
9. Logo de lle [trasladar / comunicar / transportar] o escrito no que se formalizaba o recurso ao Ministerio Fiscal, este presentou un escrito de impugnación.
10. A testemuña deberá [persoarse / comparecer / personarse] na sala de vistas do xulgado para tomarlle declaración.

Módulo 7

7.2 Gramática

1. Corrixe a colocación dos adxectivos nos seguintes enunciados

1. Debátese nesta alzada se nos atopamos ante un correcto cumprimento dos traballos executados pola entidade demandante.
2. Na tramitación deste recurso tivéronse en conta as legais prescricións de acordo coas alegacións formuladas.
3. Á parte da indemnización por rápida ocupación, non proceden as complementarias partidas indemnizatorias.
4. As datas das expropiacións resultan relevantes segundo os aplicables preceptos á valoración do solo recollidos na Lei 6/1998.
5. O feito de que a dita resolución resulte firme e inatacable non pode prexudicar os lexítimos intereses da recorrente.
6. Notifíquenlles esta resolución ás partes na legal forma e remítanlle o seu testemuño, xunto cos autos correspondentes, ao xulgado de procedencia.
7. A afirmación da parte apelante carece do necesario respaldo probatorio.

7.3 Redacción e estilo

1. Corrixe as indicacións de lugar que aparecen nos enunciados

1. O Xulgado Penal núm. 2 de Santiago de C. remitiulle un exhorto ao Xulgado de Instrución núm. 2 de A Coruña para que requirise a persoa demandada.

2. Citámolo para que o día 22/05/2010, ás 12.00 h, compareza no xuízo verbal 133/2010, que se desenvolverá na sala de audiencias deste xulgado (R/ do Carballo S/N., Vilagarcía de Ar. (36.000) –PONTEVEDRA-).
3. A parte demandante solicitou que se executase a sentenza que resolvía a expropiación do inmovible situado na r/ Ramón Piñeiro U-46 H, 3º F, 15 894 Los Tilos (Teo-Coruña).
4. XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
C/ Viena s/n (Edif. Xulgados)
FONTIÑAS
15707- Santiago de Compostela A CORUÑA
5. Domicilio para notificacións: Lugar de o Campo do Outeiro (s/n) PONTE DO PORTO (CAMARIÑAS-CORUÑA) (15121).

7.4 Léxico

1. Elixo a resposta correcta para cada unha das seguintes definicións
 1. Aquilo co que se contribúe para algún fin: aportación / aporte / achega.
 2. Estirar algo que estaba dobrado ou encollido en forma de rolo: desenrollar / desenrolar / desenvolver.
 3. Pagar a cantidade correspondente por unha venda: abonar / aboar / costear.
 4. Acción e empregar o capital en negocios para que aumente: investimento / inversión / financiamento.
 5. Recoller un certo número de mostras seguindo uns determinados criterios: mostrear / muestrear / tomar mostras.
 6. Estado de desenvolvemento económico dun país ou zona,

por debaixo do normal: subdesenvolvemento / subdesarrollo / subdesenrolo.

7. Comezar unha conversa, amizade etc.: entablar / entaboar / iniciar.
8. Diñeiro que produce un capital: interese / xuro / mora.
9. Declaración que fai unha persoa acerca dalgún feito: testemuño / testemuña / testimonio.
10. Proposta de cambio total ou parcial no texto dunha lei: emenda / emmenda / enmenda.

2. Escribe a forma correcta na columna da dereita

ponente		peatón	
cursillo		peatonal	
andén		acera	
desecho		arcén	
basura		donación	

Módulo 8

8.2 Gramática

1. Repara no uso do adxectivo *previo*, -a e escolle a solución correcta para cada caso

1. O 08/04/1997 outorgouse unha escritura pública de disolución de condominio e de adjudicación de bens [previa división horizontal / tras a división horizontal previa / tras a división horizontal / coa previsión división horizontal] dos propietarios.

2. Solicítolle ao xulgado que admita este escrito e, [previos os trámites oportunos / logo dos trámites oportunos / tras os previos trámites oportunos / logo dos trámites oportunos previos], sinala día e hora para o xuízo.
3. A parte denunciada solicita, [previa repetición do xuízo / logo da previa repetición do xuízo / coa previa repetición do xuízo / logo da repetición do xuízo] nesta alzada, a revogación parcial da sentenza pronunciada.
4. [Previas as oportunas dilixencias / Tras as oportunas dilixencias / Tras as previas oportunas dilixencias / Previas as oportunas dilixencias previas], sinalouse o día 22/01/2009 para o xuízo oral.

8.3 Redacción e estilo

1. Corrixe as indicacións de tempo que aparecen nos enunciados

1. A poxa terá lugar o vindeiro Mérc. día nove de Novembro de dous mil dez, ás 12,30 horas, na sala de vistas dos xulgados.
2. O horario do despacho de avogados é de nove e media a dúas e cuarto da tarde.
3. En data 22 de marzo de 1.998 foi pronunciada unha sentenza que recoñecía a nulidade do despedimento dende o 31 de decembro de 1997.
4. En A Pobra de Trives a seis de Abril de dous mil dez.
5. Artigo 34-2 da Lei 07/2.004, do 6/7/2.004, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG núm. 149 do martes 3 de Agosto)
6. Con data 24 de outubro de 2007 foi emitida a resolución aprobatoria de axuda destinada ao fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción para o ano 2.007, ao amparo da Orde do catro de marzal (DOG núm. 71 do 12 de marzal de 2007).

